

AVOGACÍA COMPOSTELÁ

Nº 11 Decembro 2011
Exemplar gratuito



Ilustre Colexio de Avogados
de Santiago de Compostela

Do ICA Santiago á alcaldía



XERARDO CONDE ROA
Alcalde de Santiago

«Non concibo un político sen un mínimo de formación xurídica»



ANTONIO FERNÁNDEZ ANGUEIRA
Alcalde de Padrón

«O que queren os políticos e os avogados é arranxar as cousas»



CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Alcalde de Vedra

«Para acceder á política é esencial unha experiencia vital e profesional previa»

VIDA COLEXIAL

Francisco Caamaño, Antonio Castro e Proxecto Home, galardóns de San Raimundo

V Xornada Xustiza e Lingua: compromiso do Colexio coa consolidación do galego como lingua na xustiza

COLABORACIÓNS

JOSÉ RAMÓN OULEGO:
-Análise da Lei 37/2011 de medidas de axilización procesual

M^a LOURDES SOTO RODRÍGUEZ:
-Delito contra o medio ambiente: a contaminación acústica
-Quebrantamento de condena: consentimento da vítima

ENTREVISTA



José Manuel Amigo, decano do Colexio Notarial de Galicia

NOVAS AVOGACÍA

Os colexios de avogados consideran que algúns xuíces “vulneran dereitos” ao esgotar o prazo máximo de detención

Medran as peticións de avogados da quenda de oficio en Santiago por casos de desafiuzamentos e falta de pagamentos

Ahora precios exclusivos...

CLEAN & CLEAN & CLEAN & CLEAN & CLEAN & CLEAN & CLEAN & CLEAN & CLEAN



CLEAN & CLEAN & CLEAN & CLEAN & CLEAN & CLEAN & CLEAN & CLEAN & CLEAN

Solicita gratuitamente en nuestros establecimientos tu tarjeta **CLUB 10** por pertenecer al Colexio de Avogados de Santiago de Compostela y benefícate de precios exclusivos en nuestros servicios de tintorería y arreglos textiles.



TINTORERIA RAPIDA
CLEAN & CLEAN
CUIDAMOS TUS PRENDAS

C.C. Area central L-21h. Tel.: 981 57 22 44
c/ Doutor Teixeira 27. Tel.: 981 56 09 18

STITCH
retoques de calidad



Evaristo Noqueira Pol



Manuel Arza Galán
Telf.: 981 581 713
st.gerente@icasantiago.org



Martín Ramos Insua



Timoteo Gutiérrez Valerio



M.^a Luisa Pasín Mato



Patricia López Arnoso



Javier Sánchez-Agustino



Noemí Peteiro Pereda



Paulo López Porto



José R. Oulego Erroz



M.^a del Mar Vivero Vizoso



Javier Constenla Vega



Manuel F. Martín García



Adrián García López



	Editorial	4
	Novas de avogacía	5
	Do ICA Santiago á alcaldía	8
	<i>Xerardo Conde Roa</i>	8
	<i>Antonio Fernández Angueira</i>	12
	<i>Carlos Martínez Carrillo</i>	14
	Entrevista	16
	<i>José Manuel Amigo</i>	16
	Colaboracións	18
	<i>Análise da Lei 37/2011 de medidas de axilización procesual</i>	18
	<i>Delito contra o medio ambiente: a contaminación acústica</i>	21
	<i>Quebrantamento de condena: consentimento da vítima</i>	23
	Vida colexial	24
	Tribuna aberta	29
	Ao pé da letra	30
	Biblioteca	32
	De re varia	34
	<i>Opinan de nós</i>	34
	<i>Fóra de lei</i>	37
	<i>O colexio nos medios</i>	38

Co patrocinio de:

XUNTA
DE GALICIA

Depósito Legal: C-3778-2007

Diseño e Maquetación: LUPA Comunicación

O Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela non sei fai responsable das opinións expresadas polos seus colaboradores.



Evaristo Nogueira Pol
Decano do Ilustre Colexio
de Avogados de Santiago

Estimados compañeiros/as:

Permitinme o atrevemento de facer unhas declaracións públicas nas que denunciaba o abuso dalgúns xuíces de prolongar a detención policial e esgotar as setenta e dúas horas previstas na Constitución e na Lei de axuízamento criminal. Malia que na nosa cidade é raro que se produzan estes feitos, noutros xulgados de Galicia e de todo o Estado isto si acontece. Xa foi obxecto doutro editorial o tratamento deste tema, pero aínda así, tanto quen subscribe como a Xunta de Goberno do Colexio de Avogados de Santiago, debemos insistirvos en que temos que ser moi críticos con estas actuacións que consideramos irregulares e que afectan nada máis e nada menos que á liberdade do individuo. Estamos, polo tanto, ante vulneracións de dereitos humanos. Cómpre aquí volver lembrar a STC 23/2004 do 23 de febreiro, ou a STC 250/06 do 24 de xullo, que sinala:

«[...] poden cualificarse de privacións de liberdade ilegais, en canto indebidamente prolongadas ou mantidas, aquelas que, aínda sen rebasar o indicado límite máximo, sobrepasen o tempo indispensable para realizar as oportunas pesquisas dirixidas ao esclarecemento do feito delituoso que se imputa ao detido, pois en tal caso opera unha restrición do dereito fundamental á liberdade persoal que a norma constitucional non consente.»

Esta preocupación tamén a fixen saber no último pleno do CXAE, sendo o presidente moi receptivo, así como os demais decanos, e comprometéndose cada un deles a trasladarlles a todos os colexiados esta problemática.

Cambiando xa de tema, o Colexio de Avogados séguelles trasladando tanto á administración autonómica como á estatal a situación intolerable pola que está pasando a xurisdición contencioso-administrativa na nosa cidade. Os xulgados contencioso-administrativos de Santiago están ao bordo do colapso, polo que a creación dun novo xulgado é certamente indispensable.

Preocúpalle á avogacía institucional a problemática da quenda de oficio en toda España. Aínda que en Galicia polo de agora mantemos cun grao alto de puntualidade os pagamentos, noutras autonomías a situación é crítica. Sopran ventos nalgunha delas de tentar privatizar a quenda de oficio, é dicir, sacala a unha especie de concurso, o que carrexaría un grave prexuízo para todos os avogados e coido que tamén para a propia cidadanía beneficiaria dese dereito. No caso da nosa comunidade, nunha reunión mantida hai poucos días por todos os decanos galegos co conselleiro, este manifestou o seu compromiso de que en Galicia non sucederá tal situación. En todo caso, como evidentemente podedes supoñer, calquera situación contraria suporía o rexeitamento contundente de todos os colexios de avogados.

Xa para rematar, vólvovos trasladar que a Xunta de Goberno e, sobre todo quen vos fala, temos a obriga de recibir as vosas queixas sobre todo aquilo que lle afecte á profesión, xa sexa nos xulgados xa sexa fóra deles. Por favor, non teñades reparos niso, será este decano ou calquera membro da Xunta de Goberno quen adquira a responsabilidade de lla trasladar a quen corresponda. O Colexio, entre outras cousas, está para iso.

Co desexo de que o 2012 sexa un ano de felicidade e paz para todos vós, recibide un saúdo.

Evaristo Nogueira Pol
Decano

Os colexios de avogados consideran que algúns xuíces “vulneran dereitos” ao esgotar o prazo máximo de detención

Os decanos de colexios de avogados de España denuncian que algúns xuíces de instrución “vulneran dereitos de cidadáns” detidos ao esgotar o prazo máximo de detención de 72 horas en casos que consideran que non é necesario, e recordan que o Tribunal Constitucional (TC) establece que “canto o atestado policial está finalizado” teñen que pasar a disposición xudicial.

Así o explica o decano do Colexio de Avogados de Santiago e adxunto da presidencia do Consello Xeral da Avogacía, Evaristo Nogueira. “Cada día máis sucede que moitos xuíces están a esgotar o tempo de 72 horas cando iso non é legal”, subliñou, e critica que “hai xente que pasa 72 horas en calabozos que dan pena, como o de Santiago e outros”.

Por iso, quixo “alertar a todos os avogados de España” de que “non permitan estas actuacións” e demándalles que “sexan contundentes”. “E cando lles conste que se finalizou a instrución policial e o seu cliente siga detido, denuncien eses feitos, que digan que pode haber unha detención ilegal”, manifestou, para aconsellar que reclamen un habeas corpus.

Evaristo Nogueira recalca que “se está a retroceder notablemente neste dereito” en España, porque algúns xuíces “manteñen xente detida cando non hai razón para retela”. Por iso, apela a que se denuncien os casos. “Os avogados temos que velar polos detidos aos que representamos”, lembra.

Neste sentido, o adxunto da Presidencia do Consello Xeral da Avogacía apunta que no “80 por cento dos casos non hai xustificación para mantelos 72 horas”. Así, reitera que o prazo máximo son 72 horas só “se hai razóns xustificadas para iso”.

Nogueira advirte de que isto “leva pasando varios anos”, dende hai un lustro aproximadamente, segundo indica. “Non sei se é por falta de medios ou por unha pasividade dos xuíces”, comenta. “Pido que os xuíces tomen conciencia disto. Os avogados non estamos dispostos a permitir estas actuacións e ímolos denunciar se non hai causa xustificada para esa retención”, sentencia.

Medran as peticións de avogados da quenda de oficio en Santiago por casos de desafiuzamentos e falta de pagamentos

As peticións de avogados da quenda de oficio medraron en Santiago e ata finais de setembro do ano 2011 xa se rexistraran case tantas como en todo o 2010, debido fundamentalmente aos desafiuzamentos e ás reclamacións por falta de pagamento.

O Colexio de Avogados recibiu nos tres primeiros trimestres de 2011 un total de 2.868 solicitudes (1.633 de xustiza gratuíta e 1.235 de asistencia a detidos), unha cifra similar a todo o ano 2010 (2.975, das que 1.453 foron de xustiza gratuíta e 1.522 de asistencia ao detido).

O decano do Colexio, Evaristo Nogueira, indica que aumentou o número de persoas que “recorre á xustiza gratuíta ante unha situación de desafiuzamento por falta de pagamento ou en casos de reclamacións a morosos”.

En Galicia aínda non hai os problemas de falta “de pagamento aos profesionais da quenda de oficio” que se rexistran noutras comunidades autónomas. Nogueira subliña a necesidade de que a xestión da xustiza gratuíta “ siga en mans dos colexios de avogados, porque é a única forma de que sexa xusta e siga estando ao alcance de todos os cidadáns no futuro”.



Entrada aos xulgados de Fontiñas



A Mutualidade inclúe a garantía de paternidade na cobertura de incapacidade temporal profesional do Plan universal

Por acordo da Xunta de Goberno do 24 de novembro de 2011, a cobertura de incapacidade temporal do Plan universal pasou a cubrir, ademais da baixa por enfermidade ou accidente propiamente dita, que ata agora incluía o parto, aborto involuntario ou adopción, a lactación natural ou artificial, o perigo vital da nai ou o feto, a hospitalización por patoloxías do embarazo así como as patoloxías psicolóxicas e psiquiátricas, a paternidade do mutualista.

A nova garantía de paternidade, que se incluírá gratuitamente dende 1 de decembro, equivale a 15 días de indemnización diaria, o que no caso de indemnización diaria de 30 euros daría lugar a unha prestación de 450 euros, de 900 se se ten contratada a opción de 60 e 1.350 se se ten a de 90 euros.

A Mutualidade incluíu esta garantía de forma automática anticipándose á nova esixencia legal establecida na disposición adicional 46ª da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema de Seguridade Social, que dispón que as mutualidades de previsión social que son alternativas á alta no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos con respecto a profesionais colexiados, deberán ofrecerlles a partir do 1 de xaneiro de 2013, aos seus afiliados, de forma obrigatoria, as coberturas de xubilación; invalidez permanente; incapacidade temporal, incluíndo maternidade, paternidade e risco do embarazo; e falecemento que poida dar lugar a viuvez e orfandade. Ademais establece a contía mínima de cada prestación.

A partir polo tanto do 1 de xaneiro de 2013 un plan de previsión para ter a condición de alternativo a autónomos, deberá incluír as catro coberturas mencionadas de forma necesaria, e polas contías mínimas establecidas na lei.

Aínda que a nova normativa non entrará en vigor ata o 1 de xaneiro de 2013, a Mutualidade desexou anticiparse incluíndo xa dende 1 de decembro de 2011 a cobertura da paternidade que ata o de agora non estaba incluída no plan.

O réxime de autónomos inclúe unha cobertura do risco de paternidade cuxas condicións son as seguintes:

- Duración. Equivalente ao período de descanso que se goce: 13 días naturais ininterrompidos ampliables a outros 2 por cada fillo a partir do segundo, nos casos de parto, adopción ou acollementos múltiples.
- Importe: 100% da base reguladora (base pola que se cotizou).

Para 2011 a base mínima do RETA está fixada nos 850,20 euros mensuais, polo que, se con carácter xeral se consideran 15 días de duración, nos proporcionaría un total de 425 euros ($850,20/30 * 15 = 425$ euros).

Por este motivo a proposta mínima da Mutualidade considera unha prestación de paternidade de equivalente a 15 días de indemnización diaria, o que no caso de indemnización diaria de 30 euros daría lugar a unha prestación de 450 euros, de 900 se se ten contratada a opción de 60 e 1.350 se se ten a de 90.

Polo que se refire ao Regulamento do Plan universal, quedou incluída a nova garantía de paternidade dentro do seu artigo 26.

A pesar da negativa evolución dos mercados, a rendibilidade dos investimentos da Mutualidade mantense por enriba do 5%, co que a rendibilidade que se aplicará no Plan universal no cuarto trimestre seguirá sendo do 4,5% á conta

Dende o comezo de verán, ao problema de valoración que persiste na débeda periférica europea uniuse a dúbida que o mercado comeza a plasmar acerca da recuperación económica.

Como non pode ser doutro xeito, a carteira da Mutualidade viuse afectada polos movementos negativos do mercado, tanto na parte de renda fixa coma en renda variable. Aínda que a rendibilidade dos investimentos de renda fixa se mantén, o valor dos títulos descende, o que afecta a contía das plusvalías tácitas en carteira e en parte afecta o provisionamento das minusvalías nalgúns valores.

A carteira de investimentos da Mutualidade ao peche do terceiro trimestre de 2011, presentaba unha composición baseada nun 80,41% de renda fixa, un 13,38% de inmobles arrendados, un 5,20% de renda variable e un 1,01% de tesouraría.

Polo que respecta á renda fixa, os cambios realizados no primeiro trimestre do ano, que supuxeron a saída de máis de 300 millóns de débeda italiana de alta duración, e o seu cambio por débeda española ou bonos de crédito de menor duración e cupón explícito, evitou que o movemento fose aínda máis negativo ao rexistrado. Nesa liña, a política da Mutualidade, na medida en que o mercado o permita, continúa buscando unha maior flexibilidade e protección da carteira, sen esquecer a súa rendibilidade.

O volume dos investimentos en renda fixa acadou na carteira da Mutualidade os 2.672 millóns de euros ao peche de setembro de 2011. A duración media da carteira é de 12,39 anos e a rendibilidade media é do 5,617%

Polo que respecta á renda variable, a posibilidade de xerar plusvalías mediante compras/ventas similares ás que se realizaron no primeiro semestre do ano vese limitada polo mercado actual, roto e baixista. O escenario de medio prazo segue descontando un elevado valor a medio e longo prazo nas cotizacións actuais de accións, bolsas e índices, o que levou a comprar valores sólidos e de alto dividendo nos momentos máis baixos do mercado. Non obstante, co mercado actual, extremadamente volátil, a súa evolución no curto e moi curto prazo é impredecible, o que implica unha importante dose de paciencia e aguante, en tanto poidamos contemplar a situación con máis optimismo.

En canto aos inmobles, o investimento supera os 214.000 metros cadrados, cun valor contable de 452,60 millóns e de taxación de 620,45 millóns e unha rendibilidade anual do 6,21%.

Dicir que 2011 está a ser un ano especialmente difícil non deixa de ser, aínda por sabido, menos necesario. Deben destacarse non obstante dúas notas de optimismo:

En primeiro lugar, a carteira da Mutualidade é unha carteira de grande calidade, moi sólida e moi segura. Obviamente ningunha carteira que estea no mercado pode evitar os efectos do contexto económico; por iso durante todo 2011 o departamento de investimentos mobiliarios centrouse en adecuar a carteira para que, sen esquecer a rendibilidades obxectivo marcadas, se poida paliar, na medida do posible, os efectos negativos da presente crise nas valoracións.

En segundo lugar, a crise actual, presenta signos positivos de fondo, que permiten manter un moderado optimismo a medio prazo: as empresas seguen presentando bos resultados. O crecemento económico, débil, segue sendo positivo. E, a crise de débeda non deixa de ser un problema cuxa solución depende do compromiso político da Unión Europea, complicado, pero irrenunciable.

O obxectivo de rendibilidade para final de ano da Mutualidade non variou e mantense por enriba do 5%, aínda que a súa consecución dependerá da evolución dos mercados. Caso de que estes non reaccionen de xeito positivo ou, mesmo, incrementen a súa deterioración, o logro deste obxectivo vai resultar extraordinariamente difícil. En todo caso, debemos destacar que ao peche de setembro a rendibilidade dos investimentos, proxectada a final de ano, é do 5,08% neto (o que daría un 4,58% ao plan universal) que, no ámbito actual de mercados (prima de risco no ámbito de 300 puntos básicos, IBEX cunha caída do 10% e do Eurostoxx do 16% no ano), é considerablemente mellor que a media de carteiras comparables de mercado. Os plans de pensións, por exemplo, están a dar unha rendibilidade negativa a setembro do -3,70% e os fondos de investimento, do -1,84%.

«Ese xulgado contencioso ten que existir en Santiago; hai que empezar a picar pedra e demoler muros ata chegar a esa resolución»

O alcalde de Santiago, Xerardo Conde Roa, recibe os representantes do Colexio de Avogados de Santiago no seu despacho do Pazo de Raxoi. Dende os seus balcóns, anoitecendo na Praza do Obradoiro, séntese o peso da historia de Galicia. O rexedor de Compostela leva só uns meses á fronte do Concello. Pero coñece polo miúdo a cidade e os seus problemas. Pide un desexo para os próximos catro anos: “Que Santiago continúe sendo un referente para Europa”. Xerardo Conde Roa analiza nesta entrevista asuntos como a reivindicación para Santiago de novos xulgados, a formación xurídica dos políticos, a xudiciliación da vida pública ou a concentración de concellos en Galicia. Neste último asunto é claro: “As fusións chegarán”. E recomenda “reflexión e prazos”. Tamén fala das súas aspiracións na política. “Gustaríame, aínda que só fose durante media hora, ser presidente do Goberno. Para saber o que se sente”. O alcalde de Santiago de Compostela aborda a actualidade xurídica para Avogacía Compostelá.

Pregunta: O Colexio de Avogados de Santiago reivindica un xulgado mercantil e un novo xulgado contencioso. Será posible a curto prazo?

Resposta: O xulgado mercantil xa foi celebrado hai algúns anos. Foi un asunto dado como pechado. Coñezo menos a situación do xulgado mercantil ca a do contencioso. A situación xeral dos xulgados en Santiago é especialmente grave. Aí si temos que poñer toda a carne no asador. Eu xa lle dixen ao Colexio de Avogados de Santiago que apoiarei absolutamente todas as súas peticións e reivindicacións. E falarei con quen teña que falar para que o xulgado contencioso estea en Santiago. Os datos, que son demoledores, avalan a petición. Non pode haber ningún tipo de contestación. O

xulgado mercantil? Pois habería que coñecer en que situación estamos. Repito: houbo quen celebrou a consecución do xulgado mercantil que nunca chegamos a ter en Santiago. O que me interesa agora é onde temos que centrar os esforzos. Preocúpame como resolver o atasco do xulgado contencioso.

P.: O novo Goberno central é do PP e será liderado por un compostelán: Mariano Rajoy. O Goberno local poderá trasladar a Madrid esta inxerencia da cidade?

R.: A creación de xulgados ten un procedemento. Ten que informar a Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza. O informe non é vinculante, pero é moi importante porque é a Administración de xustiza. Sería importante que recoñecese a necesidade de crear ese xulgado. A partir de aí todo sería máis fácil. Cando se complicaría a situación? Pois cando a Sala de Goberno non entendese que sexa necesario. Que fai o político neste caso? E refírome á consellería e ao ministerio. Pois di que se non o piden eles, por algo será. É unha forma de cubrirse as costas. Non pretendo derivarlles a responsabilidade aos xuíces. Digo que é evidente que unha petición apoiada nunha demanda da Administración da xustiza ten moito máis respaldo. O máis importante é que con Goberno amigo, con Goberno inimigo ou con Goberno mediopensionista, ese xulgado contencioso ten que existir en Santiago.



Xerardo Conde Roa, alcalde de Santiago

P.: A reivindicación xa ten anos. Cando cre que podería ser realidade?

R.: Hai un auto do Tribunal Superior de Xustiza que deriva cara ao Xulgado de Primeira Instancia do Contencioso todo o tema das reclamacións do Sergas por ter aquí o domicilio. Esa situación provoca un enorme desequilibrio. Ademais un dos xuíces fora director da asesoría xurídica ou letrado da Xunta. Suponse que, entre comiñas, todo o proceso está contaminado. E a situación agrávase máis. Creo que a resolución [sobre a instalación en Santiago dun xulgado contencioso] tería que ser inmediata.

P.: En que prazo de tempo?

R.: Eu diría que xa, como necesidade obxectiva. Hai que empezar a picar pedra. E refírome a empezar a demoler muros ata chegar a conseguir esa resolución.

P.: Que custo tería?

R.: Creo que, no fondo, non sería tan caro. A Xunta tería que pagar tres funcionarios, que traballarían nese xulgado. Ademais faríalle fronte aos medios materiais. Tamén serían necesarios, por parte da Administración do Estado, un maxistrado ou un xuíz e un secretario. Non parece que o gasto vaia desequilibrar os orzamentos do Ministerio de Xustiza ou da Consellería da Presidencia.

P.: Cambiamos de tema. Para vostede que foi antes: avogacía ou política?

R.: Avogacía. Aínda que sempre tiven inquedanzas políticas. Comecei no ano 1981 acompañando a Xerardo Fernández Albor. Presentábase por primeira vez como candidato á presidencia da Xunta nas eleccións autonómicas. Fixen con el a campaña e logo traballei con el. Pero colexieime moi pronto. Compatibilice as dúas tarefas. Sempre tiven claro que o exercicio profesional era prioritario, ata que foi incompatible. Como aconteceu agora, á fronte da alcaldía de Santiago de Compostela. Gústame a actividade política, pero tamén teño claro que volverei a un despacho en canto remate este periplo. Non quero xubilarme como concelleiro.

P.: No seu caso, avogacía e política son dedicacións vocacionais?

R.: Si. Sempre estiven metido en leas: representante da clase, no sindicato de estudantes na universidade... Gústábame tomar parte deses asuntos. Tiña a vocación de representar os intereses dos meus compa-

“Non parece que o gasto dun xulgado contencioso en Santiago vaia desequilibrar os orzamentos do Ministerio de Xustiza ou da Consellería de Presidencia”



O avogado Manuel Martín conversa co alcalde

ñeiros. Era unha vocación que levei adiante. E no eido xurídico, tamén. Lamento non terme dedicado ao ensino do dereito. Estiven unha tempada na Escola de Práctica Xurídica e logo tiven ofrecementos, pero foi imposible por falta de tempo. Creo que sería un bo docente. Teño cravada esa espiña.

P.: A súa formación xurídica foi útil e valiosa para o desenvolvemento da súa carreira política?

R.: Non concibo un político sen un mínimo de formación xurídica. É fundamental. Un político con formación le doutro xeito os informes das asesorías xurídicas. Vai ao gran. A formación permite entender ben os asuntos, facilita a comprensión de moitos problemas e axuda a coñecer o funcionamento da Administración pública.

P.: O Concello de Santiago conta con persoal formado no eido xurídico?

R.: Hai moi bos avogados no Concello de Santiago. Temos xente moi ben formada, pero cada vez requírese maior especialización.

P.: Os cargos políticos deben ter formación profesional e académica?

R.: O político debe ter unha formación. Non digo que teña que ser universitario, porque ata houbo primeiros ministros sen carreira. O problema é que hai que ter formación que permita facer fronte ás responsabilidades políticas. Hoxe a responsabilidade non vai soportada nunha base de formación, que pode ser xurídica, científica, literaria ou filosófica. E chegan os problemas. Non falo de formación universitaria ou especializada porque hai asesores técnicos. Pero o político debe ter unha formación sólida.

P.: Cre que a sociedade valora o labor dos políticos?

R.: Hai un profundo descontento coa clase política. Hai casos de corrupción, pero tamén hai moitas persoas que se dedican honrada e decentemente á vida pública. É unha inxustiza falar de que todos os políticos son así. Hainos bos, malos e regulares. Xeneralizar non é bo.



Conde Roa, no seu despacho da alcaldía

P.: Cal foi a súa principal motivación para apostar pola política?

R.: Goethe falaba do home no que habitaban dúas almas. A min aconteceu algo parecido. Sempre houbo esa dualidade. No Parlamento galego fun deputado e tamén puiden exercer a avogacía. Traballei en leis que hoxe están viventes. Eu sempre tratei de profundar na miña formación xurídica.

P.: O debate está na rúa. Fálase de fusionar concellos e de crear áreas metropolitanas. É complicado dende o punto de vista xurídico e político levar a cabo esta concentración de concellos?

R.: Non debería selo. Hai que buscar fórmulas intelixentes de integración. Non se trata de que un concello medre para que desapareza outro. Trátase de unir, fusionar e ter servizos comúns. Ás veces poñemos o acento nos límites territoriais e, por exemplo, Santiago é o resultado da agregación de tres Concellos: Santiago, Conxo e Enfesta. Son asuntos que sempre estiveron aí. Non son procesos novos. Temos que ser prácticos. É máis barato que Santiago, Ames e Teo contratemos un único servizo de recollida de lixo. Será tamén máis barato para os veciños. É máis rendible que unha empresa xestione a auga en varios concellos, ou os parques públicos ou o transporte.

P.: Pero chegarán as fusiós?

R.: Eu creo que si. Porque despois de compartir servizos chegaría un segundo paso: uniformizar os procedementos administrativos. Podería funcionar unha unidade de xestión para varios concellos. Non hai que formulalo cun 'aquí te pillo, aquí te mato' porque non encaixaría ben. Hai que reflexio-

“É perfectamente admisible que en dez anos poidamos concibir a redución do 30 ou 40% dos concellos galegos”

nar e dar prazos. Por exemplo: en dez anos imos concibir unha redución do 30 ou 40% dos concellos galegos. Iso é perfectamente admisible. O que si xeraría tensións sería a fusión por decreto. E non axudaría a solucionar os problemas.

P.: O ex-alcalde de Madrid, Alberto Ruiz Gallardón, di que nada hai máis atractivo que ser alcalde da túa

cidade.

R.: Eu estou de acordo.

P.: Qué supón para Xerardo Conde Roa ser alcalde de Santiago de Compostela?

R.: Eu non teño máis aspiracións políticas. Gustaríame, aínda que só fose durante media hora, ser presidente do Goberno. Para saber que se sente. Pero máis alá diso, politicamente non teño máis aspiracións. Ser alcalde de Santiago de Compostela é bastante máis importante que ser alcalde de Madrid.

P.: É máis complicado defender os intereses dun cliente nun xulgado ou a ideoloxía política nun pleno do Concello?

R.: Son cuestións distintas. Eu non lembro un tremor de xeonllos semellante coma cando tiveron o meu primeiro xuízo, na quenda de oficio. Don Alfonso Villagómez era o maxistrado aquí en Santiago. Era moi boa persoa pero na sala tiña moi mala uva. Lembro que defendía a unha persoa de raza xitana que era acusada de furtar determinados obxectos nun comercio. Non peguei ollo en toda a noite. Cheguei tremendo aos xulgados. O meu cliente trouxo toda a súa familia, unhas corenta persoas. E por riba, don Alfonso Villagómez. Ese pavor nunca o experimentei na vida política. En consecuencia, é máis difícil defender con solvencia os intereses dun cliente.

P.: A vida política hoxe está excesivamente xudicializada?

R.: Os problemas políticos terían que resolverse nas instancias políticas. Xudicializar a vida pública é absurdo, sobre todo pola vía penal.

EN CLAVE PERSOAL

P.: Cal é o seu recuncho favorito da cidade?

R.: Non é fácil. Santiago ten recunchos preciosos. A praza de San Agustín. Alí naceu meu pai, miña avoa... Alí medrei, alí discorreu a miña infancia. O cantón de san Bieito, a rúa Travesa, a praza de Cervantes... Son recordos vinculados á miña infancia e son especiais. Tamén me sinto moi a gusto na Cripta do Apóstolo. Aí pode sentir un o peso histórico da cidade.

P.: Que fai no seu tempo libre?

R.: Estar na casa. E cada vez podo facelo menos. Gústame estar con todos os meus fillos. Gústame saír á montaña. Son afeccións moi pouco sofisticadas.

P.: Pasear por Compostela?

R.: Dende logo. Gústame moito.

P.: Lembra algunha anécdota da súa etapa de avogado?

R.: Lembro casos nos que a xente queda especialmente agradecida. Son casos sen complexidade, pero deixan moi bos recordos.

P.: Como consegue conciliar a vida persoal coa vida laboral?

R.: É moi complicado. No Concello, por exemplo, queremos reorganizar os horarios laborais dos traballadores.

P.: Como imaxina Santiago de Compostela dentro de catro anos menos uns meses?

R.: Moi mellorada. Pero imaxino un Santiago con máis presenza internacional, con cada vez máis turistas, co problema do financiamento municipal resolto, con algunhas infraestruturas importantes xa rematadas, coa reforma do Mercado de Abastos, cunha mellora do tráfico e do transporte público... Pódese facer. Non temos un peso, pero dende a xestión pódense facer moitas cousas. Hai que contar coa vontade e con querer facer as cousas. Non todo son os cartos. Aí traballaremos. Queremos mellorar a Administración municipal. As veciñas e veciños de Santiago creo que o merecen. Aí estaremos. Santiago ten que ser o punto de encontro de Galicia. Todos os galegos son santiagueses. E Santiago tamén ten que ser o punto de encontro dos camiños de Europa. Santiago seguirá sendo un referente para Europa.



O rexedor compostelán, na súa mesa de traballo en Raxoi

«A política e a avogacía teñen moitos puntos en común»

Avogado e alcalde de Padrón, Antonio Fernández Angueira reconece que as dúas ocupacións teñen moitos puntos en común e considera que os altos cargos públicos deberían ter algún tipo de formación académica ou profesional previa. Fai un balance positivo dos seus primeiros meses como rexedor.



O avogado Javier Constenla (esq.) conversa co alcalde de Padrón

Pregunta: Avogacía e política, as dúas cousas foron por vocación?

Resposta: As dúas foron realmente por vocación. Sempre quixen ser avogado, pero a política gustoume sempre, e ao final mestúrase todo un pouco, trátase de axudar a xente e resolverlle os seus problemas.

P.: Atopa paralelismos entre a actividade da avogacía e a da política?

R.: Si, a verdade é que teñen puntos en común e moitos. Independentemente de que non vaías a un xuízo, ao final a política ten que resolver conflitos, estudar a mellor posibilidade e na maioría das ocasións a solución procede do traballo e do senso común.

P.: E a súa formación técnica, como avogado e licenciado en Dereito, é unha axuda para resolver os problemas?

R.: É unha axuda moi importante, porque chegas a comprender mellor certas cousas e penso que se

non tivese esa formación sería moi complicado. Dende o punto de vista do que é a normativa xurídica, xa tes unha base asentada para tomar calquera decisión.

P.: Non chega a ser un obstáculo? Imaxino que ás veces hai que tomar decisións paralelas aos criterios técnicos.

R.: O que ocorre algunha vez é que presupós xa como van desenvolverse certas cousas, aínda que logo na realidade cambia todo moito e pode non ser así.

P.: Deberían ter todos os cargos políticos unha maior formación académica ou profesional previa?

R.: Eu penso que si. Na situación na que estamos, os alcaldes deberían ter algún tipo de formación, non ten que ter unha licenciatura en Dereito ou en Económicas, pero algún tipo de formación sería boa.

P.: No seu caso, cal foi o motivo que o levou a entrar en política?

R.: Sempre tiven inquiredanzas políticas e unha determinada forma de pensar. O que queres como avogado é arranxar as cousas, iso sempre me gustou, e ao final a vida vaite levando.

P.: Supoño que terá as súas cargas familiares.

R.: Si, porque estás todo o día de reunión en reunión, de problema en problema, e ao final non tes moito tempo para dedicarllo á familia. Temos que traballar en España no tema da conciliación familiar e laboral e ocupando o posto de alcalde é moi difícil.

P.: Estará agora sensibilizado con este tema.

R.: Si, o que pasa é que ao final non te dás conta, o día vaite levando. Chegas á primeira hora aquí e de repente estás pola noite. O traballo moitas veces absorbe.

P.: E dende a súa competencia, ten previsto implantar algún tipo de medida de conciliación no Concello de Padrón?

R.: Aí temos que traballar no eido dos servizos sociais, para que dende o concello poidamos dar algunha axuda para os escolares, para o programa Concilia Verán e outras medidas que sexan unha axuda para organizar a vida laboral e familiar.

P.: Agora mesmo, todo debe estar moi supeditado ao tema do financiamento.

R.: O tema económico é agora un problema moi importante á hora de tomar decisións, non temos os ingresos que deberíamos ter e o ano 2012 será moi duro. Hai que organizarse moi ben orzamentariamente e administrar os cartos da forma máis conveniente.

P.: E dende o punto de vista organizativo, como encaixa o papel das deputacións?

R.: Eu creo que as deputacións son hoxe en día unha axuda moi importante para os municipios pequenos, hai moitas obras nas que recibes a axuda da deputación.

P.: Teñen os concellos demasiadas competencias asumidas?

R.: As competencias están ben repartidas, pero a dificultade agora é o económico e a deputa-

«Xudicializar os conflitos non é bo, hai que tentar chegar a un acordo previo»

ción dá moitas veces o empuurrón que fai falta para rematar algúns proxectos.

P.: A fusión dos concellos pode ser unha solución?

R.: A fusión é complicada, pero hai que mancomunar e agrupar servizos entre concellos. Por exemplo, os servizos que Padrón,

Rois e Dodro poidamos facer conxuntamente suporán un avance e serán ben recibidos. Hai que abaratar custos sen que supoña empeorar os servizos, todo o contrario, poden mellorarse.

P.: Cales son os retos desta lexislatura?

R.: Son plenamente consciente de que esta lexislatura vai ser complicada, tanto pola situación económica como pola situación política aquí no concello. Os políticos temos que lle axudar agora á xente, con obras e con servizos.

P.: Padrón sufriu folgas como a da recollida do lixo, nestes casos a xudicialización pode ser unha dificultade?

R.: Xudicializar os conflitos non é bo. Hai que tentar chegar a un acordo previo, porque senón prolongas os conflitos e os problemas para os cidadáns.

P.: Esta demasiado xudicializada a vida política?

R.: Penso que si. Hai temas que se poderían solucionar cun mínimo de senso común.

P.: É moi esixente a cidadanía de Padrón co seu alcalde?

R.: Teño unha boa relación cos veciños e penso que a xente está contenta co traballo que estamos a facer en Padrón.

P.: Bota de menos o seu traballo de avogado?

R.: Son etapas diferentes. Atopábame ben como avogado e atópome ben como alcalde.

P.: Exercerá de novo nun futuro?

R.: Non o descarto de ningunha maneira, ao final é a miña profesión.

P.: Que lle gusta facer no seu tempo libre?

R.: No pouco tempo libre que teño gústame facer moitas cousas. Coller a moto e dar unha volta tranquilamente, xogar ao fútbol e gozar da compañía da miña xente.



Fernández Angueira, diante da mesa do seu despacho

«Para acceder á política, é importante unha experiencia vital e profesional previa»

Despois de vinte anos traballando para os veciños dende o eido das actividades socioculturais e deportivas, o avogado Carlos Martínez ocupa agora a alcaldía de Vedra. A situación económica é complicada, pero espera sanear as contas do Concello antes de que remate a lexislatura, no 2015.

Pregunta: Foron a avogacía e a política dúas ocupacións vocacionais no seu caso?

Resposta: Si, foron por vocación. Sempre quixen ser avogado dende pequeno e xa levo máis de vinte anos traballando en cuestións socioculturais e deportivas para os veciños. No ano 2006, propuxéronme que liderase o proxecto do Partido Popular en Vedra e foi un reto que me gustou.

P.: Foi entón algo progresivo.

R.: Xustamente, non tiña inquedanzas políticas, ata que no ano 2006 me convenceron. Dende un cargo político podes traballar con máis forza para a sociedade e para os veciños do municipio.

P.: Usa a súa formación xurídica no seu labor como alcalde?

R.: Moito, moito, porque levaba doce anos traballando como avogado e iso axúdame moito a tratar os temas veciñais.

P.: Deberían ter todos os cargos políticos unha formación previa ou unha ocupación profesional?

R.: Non vou ser politicamente correcto, xa que penso que non debe haber ningún cargo político que non teña á vez outro tipo de profesión. Para acceder á política, é importante ter unha experiencia vital e profesional previa. Así tamén tes as mans libres para que o día de mañá poidas volver á túa profesión.

P.: E hai nos concellos persoal xurídico suficiente?

R.: Estamos nun momento económico

moi complicado. Os concellos pequenos teñen un secretario con coñecementos xurídicos e unha asesoría externa cun bufete de avogados para temas específicos.

P.: Recorre moito a eses avogados externos?

R.: Si recorremos en temas urbanísticos, laborais... É un servizo necesario.

P.: Está demasiado xudicializada a vida política?

R.: Non, eu non a vexo tan xudicializada, pero cando hai un xuízo a un cargo político sae na prensa e parece que o problema é maior. O que pasa en Galicia é que temos 315 concellos e varias administracións supramunicipais e o que hai é moita conflitividade xurídica por asuntos moi diversos.

P.: Deberían asumir máis competencias os xulgados de paz?

R.: O problema da xustiza é un problema xenerali-



O avogado José Ramón Oulego (der.) conversa co alcalde de Vedra

**«Fusionar concellos
é complicado pero temos
que ir cara a mancomunar
ou consorciar servizos»**

zado e nos xulgados de paz, se non hai unha dotación económica maior, é complicado. Faría falta máis persoal especializado e iso son cartos, pero agora mesmo non os hai.

P.: E sería viable que os concellos lle ofrecesen un servizo de orientación xurídica á cidadanía en temas laborais ou de estranxeiría?

R.: Sería algo moi bo e, de feito, teño pendente un encontro co decano do colexio de avogados para ver que tipo de servizos podemos ofrecer aquí. É un tema moi interesante para os concellos.

P.: Teñen os concellos asumidas demasiadas competencias?

R.: O problema agora mesmo dos concellos é de financiamento. Os concellos asumen moitas competencias sen ter un apoio económico que as avale. Aí falamos de mantemento de colexios, centros de saúde, centros de día, etcétera. E nós temos que responder ante a cidadanía sen o respaldo económico suficiente.

P.: A curto prazo, o panorama é complicado.

R.: Temos que traballar na austeridade e na racionalización do gasto público, así como na cooperación entre administración e concellos.

P.: Que opina da posible fusión de concellos?

R.: Non é un tema fácil. Fusionar concellos é complicado pero temos que ir cara a mancomunar ou consorciar servizos.

P.: Que papel xogan as deputacións no actual mapa político?

R.: As deputacións son moi importantes para concellos como o noso. Por exemplo, en temas como a recadación de impostos municipais, que nós temos cedida á deputación e así aforramos moito tempo, recursos e persoal. Ademais, moitas obras e servizos contan co apoio da deputación.



Martínez Carrillo, na mesa do seu despacho

P.: Ao mellor o debate sobre o papel das deputacións hai que facelo en tempos que sexan bos economicamente?

R.: Pode haber debate, pero ten que ser con calma e moita reflexión. Para os concellos pequenos, as deputacións son agora mesmo fundamentais.

P.: Nas pasadas eleccións volveuse falar moito dun posible cambio na Lei electoral, como o vería?

R.: Sinceramente, non é un tema que me preocupe agora mesmo. Se hai unha reforma, ten que ser co consenso de todas as forzas políticas, sería necesario un gran acordo.

P.: Que balance fai dos primeiros meses na alcaldía?

R.: A situación económica é moi difícil, pero espero que en dous ou tres anos teñamos saneado o concello sen deixar de prestar servizos. Non queremos recortar servizos.

P.: Mantén o contacto coa profesión da avogacía?

R.: Non quero deixar de lado a miña profesión. Unha hora ao día sigo compartindo cousas cos meus compañeiros de bufete.

P.: E despois da política?

R.: Volverei exercer plenamente como avogado.

P.: Que lle gusta facer no seu tempo libre?

R.: A min o que me gustaría é ter tempo libre e o pouco que teño é para a familia. Gústame tamén ler, viaxar, facer deporte...



O alcalde de Vedra estivo vinculado ao ámbito sociocultural no seu concello antes de ocupar a alcaldía

José Manuel Amigo, decano do Colexio Notarial de Galicia

«Para nós, é unha garantía que os avogados asesoren os seus clientes nas notaría»

É testemuña directa cada día dos efectos da crise económica polo trato que ten cos seus clientes. José Manuel Amigo, decano dos notarios de Galicia, considera fundamental a colaboración entre a súa profesión e os avogados. “Para nós, o feito de que veñan os clientes da man dun avogado é unha garantía e facilita moito o traballo”, asegura.



José Manuel Amigo, no despacho da súa notaría en Santiago

Pregunta: Dende a súa posición de decano dos notarios galegos, como ve a profesión de avogado na actualidade?

Resposta: Eu penso que cumpre perfectamente o seu labor. O que percibimos dende fóra é que tamén está nun momento dunha certa encrucillada, con estas novas esixencias vinculadas á nova Lei de acceso á avogacía. Estas probas creo que axudarán a unha capacitación inicial, que ata o de agora se viña facendo dunha forma particular coas pasantías nos bufetes e coa formación nas escolas de práctica xurídica, que desenvolven un traballo estupendo. Talvez as novas medidas non sexan moi ben vistas polos estudantes, pero eu penso que é un paso na boa dirección, xa se fai nos países do noso contorno e axudará a unha mellor preparación.

P.: Dará esa lei de acceso unha formación extra que poden necesitar os avogados?

R.: -Eu fun profesor na Facultade de Dereito e na Escola de Práctica Xurídica e coñezo ben esa cuestión, ademais eu tamén son licenciado en Dereito. As facultades proporcionalles unha boa formación aos alumnos, pero excesivamente teórica. Insisto no estupendo traballo das escolas de práctica xurídica, pero as

«O sistema xudicial require de máis apoio e investimento, aínda que estamos nun momento moi complicado»

novas normas de acceso serán fundamentais para coller un contacto real co exercicio do Dereito. O mundo no que hoxe vivimos esixe unha boa especialización.

P.: É boa a relación entre os avogados e os notarios?

R.: Dende o meu punto de vista, excelente. Moitas veces, os avogados non só desenvolven o seu labor no que é o dereito en litixio, nos xulgados, senón no asesoramento aos clientes para acadar mellor os seus fins.

Isto pasa moitas veces por outorgar algunha escritura pública, algún documento notarial e para os notarios o feito de que veñan os clientes da man dun avogado, é unha garantía e facilita moito o traballo. A día de hoxe, tal e como vivimos rodeados de normas, o labor dun avogado é cada vez máis necesario.

P.: Non son polo tanto uns clientes máis, senón máis ben colaboradores.

R.: Naturalmente. A relación entre os notarios e os avogados está baseada na colaboración. Loxicamente, cando asesoran os seus clientes, para nós é unha garantía de que hai unha análise xurídica da cuestión.

P.: E ese asesoramento do que fala, dos avogados aos clientes, considera que é sempre o máis adecuado?

R.: Si, o asesoramento é bo. Ademais, aquí en Santiago a relación é en moitos casos persoal e se hai que aclarar algunha dúbida para axudar o cliente, o notario e o avogado fálana sen ningún problema.

P.: Sofren as notaría a crise económica tanto coma outros sectores?

R.: A verdade é que a preocupación é a mesma que sente toda a sociedade. Os efectos da crise están aí e non se ve

un final, non se ve unha evolución clara. Nunha profesión coma a nosa, na que estamos en contacto directo cos clientes, percibimos día a día a preocupación da xente pola carestía no financiamento e as dificultades para obter créditos nas entidades financeiras. O parón do sector inmobiliario nótase moito e as repercusións son moitas, sobre todo nas pequenas e medianas empresas.

P.: Á marxe do que é a crise, que outras preocupacións ou demandas ten agora o Colexio Notarial de Galicia?

R.: Un dos obxectivos máis importantes é a modernización tecnolóxica, que é un camiño que iniciamos hai xa dez anos e a día de hoxe estamos bastante ben. É importante non só a conservación da información, senón tamén a transmisión e a circulación de información entre notaría. Por outra parte, non só estamos interesados en conservar o noso ámbito de actuación, senón tamén a formulación aos poderes públicos da posibilidade de que os notarios colaborem noutras materias das que poderíamos facernos cargo.

P.: Por exemplo?

R.: Estou falando sobre todo do ámbito da xurisdición voluntaria, polo beneficio que isto suporía de descarga de traballo nos xulgados. Refírome con isto a estender o ámbito das declaracións de herdeiros, posto que neste momento só facemos de cónxuxes e descendentes, ou a intervir en procedementos como expedientes de dominio, temas nos que xa estamos especializados. Sempre por suposto na liña de colaborar coa Administración e cos poderes públicos.

P.: É Santiago un bo lugar para ser notario?

R.: Si, é un bo lugar, aínda que isto sempre depende de cada un. Santiago, e Galicia en xeral, é un bo lugar para exercer como notario, non tanto economicamente, que pode ser similar a outras zonas do país, pero si en canto ao sentido xurídico que ten o galego en xeral, o que fai que o exercicio desta profesión sexa especialmente intenso.

P.: Falando do sistema xudicial en xeral, como ve a situación en España?

R.: O esforzo que desenvolven os profesionais é moi meritorio, pero creo que faltan medios e nalgúns casos está afectado de lentitude, dunha lexislación parcialmente anquilosada en categorías de hai moitos anos. O sistema require de máis apoio e investimento, aínda que agora mesmo estamos nun momento economicamente moi complicado para as administracións.

P.: Fan falta máis notarios?

P.: Penso que neste momento, non. A fusión, no ano 2000, do corpo de notarios co de corredores de comercio, implicou que se convertesen en notarios 700 persoas. Ademais, tivemos unha demarcación de preto de catrocentas prazas, neste momento somos uns 3.100 en toda España (186 en Galicia). En termos globais, penso que o número é o axeitado.

EN CLAVE PERSOAL

P.: É notario por vocación?

R.: Eu non tiña unha especial vocación xurídica. Fixen Dereito porque non sabía moi ben a que carreira dedicarme e a decisión de facerme notario obedece ao impulso duns amigos, que comezaron a preparar a oposición e me animaron. Durante a preparación das oposicións, vin que me gustaba o que estaba estudando e a profesión en si gústame. Agora si teño vocación de notario.

P.: Cantos anos leva en exercicio?

R.: Trinta

P.: En que destinos?

R.: Estiven nunha vila de Xaén (Santiesteban del Puerto), Santa Comba, Noia e Santiago.

P.: O mellor de ser notario.

R.: O trato directo coa cidadanía.

P.: E o peor

R.: Todas as profesións teñen algo de rutina, pero non lle vexo aspectos negativos a ser notario.

P.: É vostede galego?

R.: Si, eu nacín en Monterroso.

P.: Namorado de Galicia?

R.: Por suposto. Teño moitas vivencias, a miña familia... Galicia é terra de boa xente, emprendedora, un lugar con moita historia, paga a pena loitar por Galicia.

P.: Campo ou cidade?

R.: Fun máis urbano ca rural, pero de Galicia gústame moito o mar, a costa.

P.: Unha comida?

R.: Moitas. O cocido, lacón con grelos, a carne galega, o pescado...

P.: Un personaxe histórico?

R.: Lembro moito as historias do Mariscal Pardo de Cela, xa que eu vivín de pequeno en Mondoñedo. Tamén admiro a persoas como Gandhi ou Martin Luther King.



Amigo defende os dereitos dos 186 notarios galegos

Análise da Lei 37/2011 de medidas de axilización procesual

José Ramón Oulego Erroz
Colexiado 1963 do ICA de Santiago



O luns 31 de outubro entrou en vigor a Lei 37/2011, do 10 de outubro, de medidas de axilización procesual. Como o seu propio nome indica, é unha norma que nace coa finalidade de dotar os xuíces das ferramentas necesarias para levar a cabo unha axilización na tramitación dos procedementos xudiciais.

A propia exposición de motivos reconece que a lei xorde como resposta a un aumento exponencial da litixiosidade en España, que cifra nun 33% nos últimos 10 anos, especialmente na xurisdición civil.

A lei realiza reformas procesuais nas ordes penal, civil e contencioso-administrativa.

Pasemos a analizar as principais reformas operadas pola citada norma:

No que se refire á xurisdición penal, a reforma que opera a lei 37/2011 é consecuencia necesaria da levada a cabo pola LO 5/2010, do 22 de xuño, unha de cuxas principais novidades era a regulación da responsabilidade penal das persoas xurídicas. Polo tanto, a reforma que abordamos nestes momentos céntrase en regular as implicacións procesuais derivadas do dito novo réxime de responsabilidade.

Tal e como establece a exposición de motivos da lei, as reformas afectan ao réxime da competencia dos tribunais, ao dereito de defensa das persoas xurídicas, á intervención no xuízo oral, á conformidade e á rebeldía. Para iso procédese a reformar diversos preceptos da LACrim:

- A citación realizarase no domicilio social da persoa xurídica e esta será requirida para que designe un representante, así como avogado e procurador e, en caso de non facelo, seranlles nomeados profesionais de oficio.
- As comparecencias realizaranse co representante da persoa xurídica. Será igualmente este representante quen debe estar presente nas dilixencias de investigación que requiran a presenza do imputado, pero a súa incomparecencia non impedirá a súa práctica, que se realizará

en presenza do letrado.

- As declaracións realizaranse a través do citado representante, aínda que a súa non asistencia a estas non impedirá a súa práctica xa que se entenderá que a persoa xurídica se acolle ao seu dereito a non declarar.
- A adopción de medidas cautelares supeditase á petición de parte e á celebración de vista.
- Así mesmo, regúlase a representación das persoas xurídicas acusadas para que poidan realizar un mellor exercicio do seu dereito de defensa. O representante poderá declarar en nome da persoa xurídica.
- De igual maneira, regúlase a posibilidade de ditar unha requisitoria contra unha persoa xurídica.

Polo que se refire á xurisdición contencioso-administrativa, as principais reformas son as seguintes:

- Canto aos órganos e ás súas competencias, os xulgados contencioso-administrativos pasan a coñecer de todas as resolucións que se pronuncien en materia de estranxeiría pola Administración periférica do Estado ou polos órganos competentes das comunidades autónomas. Amplíase así a competencia ás resolucións pronunciadas polos órganos das comunidades autónomas.
- Os prazos para a práctica da proba redúcense.

Con anterioridade á reforma, o prazo para propoñer proba era de 15 días e para a súa práctica, de 30. Tras a reforma, o prazo de práctica da proba nos procesos en primeira e única instancia quedou establecido en 30 días.

Non obstante, a lei establece a posibilidade de achegar probas fóra dese prazo cando este feito sexa debido a causas non imputables á parte que as propón.

- A contía dos asuntos que poderán ser tramitados no procedemento abreviado increméntase ata os 30.000 euros.



Así mesmo, nos procedementos abreviados ofrécese como novidade a posibilidade de que non haxa vista se non se vai realizar a práctica da proba, deixando en mans da parte demandada a celebración da vista se esta última o solicita.

- No tocante ao recurso de apelación, a reforma exclúe deste recurso aquelas sentenzas pronunciadas en procedementos cuxa contía non exceda de 30.000 €, aumentando con isto a cifra existente anteriormente (18.000 €).
- Polo que se refire aos recursos de casación, a contía mínima para recorrer pasa de 150.000 € a 600.000 € (salvo que se trate do procedemento especial para a defensa dos dereitos fundamentais, no que non se require contía mínima) e nos recursos de casación para unificación de doutrina, de 18.000 € a 30.000 €.

Especial mención require nestes momentos a reforma do artigo 139 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, que regula as custas procesuais.

A lei 37/2011 substitúe o criterio tradicional da temeridade ou mala fe imperante na orde contencioso-administrativa para a imposición de custas polo do vencemento obxectivo. Deste xeito, en primeira ou única instancia condenarase en custas á parte que vexa desestimadas todas as súas pretensións, salvo que o órgano xudicial aprecie que o asunto presentaba serias dúbidas de feito ou de dereito; mentres que se se produce unha estimación parcial, as custas serán aboadas pola parte que as xere e as comúns por metade, salvo que o órgano xudicial aprecie temeridade ou mala fe, en cuxo caso poderá impoñerlles á parte na que se apreciase a dita temeridade ou mala fe.

Con respecto á modificación operada na xurisdición civil, son varias as reformas establecidas coa finalidade de suprimir trámites innecesarios, en opinión da lei, e axilizar o procedemento:

- En primeiro lugar, extrapólase o sistema aplicado no procedemento monitorio aos procedementos de desafiuzamento por non pagamento de rendas.

Desta forma, se o arrendatario tras ser requirido non aboa a renda reclamada ou se opón á demanda, procederase a ditar un decreto polo que se dará por concluído o procedemento e daráselle traslado ao demandante para que inste a execución. No propio requirimento faise constar a data do lanzamento do predio. Así mesmo, tamén se fará constar no requirimento a data dunha hipotética vista, que servirá como citación.

Relacionado cos arrendamentos de inmobles modifícase o artigo 22, apartado 4, da LAC en canto á terminación do proceso por enervamento do arrendatario, sempre que se produza de acordo cos requisitos do artigo 440.3 da LAC. O dito proceso terminará mediante o decreto do secretario xudicial. Se o demandado se opón á enervación por non cumprirse, ao seu xuízo, os requisitos, citarase para a vista prevista no artigo 443 da LAC, tras o cal se resolverá por sentenza se procede o desafiuzamento ou o enervamento. O anterior non procede se se enervase nunha ocasión anterior ou se se reclamase o pagamento cun mes de antelación á presentación da demanda.

- En segundo lugar, inclúese dentro dos conceptos englobados polas custas procesuais o importe da taxa para o exercicio da potestade xurisdiccional.
- En relación cos procesos especiais para a tutela do crédito, incorpórase o arrendamento de bens mobles (o coñecido como renting) e a venda de bens mobles a prazos ao proceso verbal, o que suporá unha importante redución de custos e tempo en canto á reclamación de débedas e a recuperación dos bens.
- En materia de recursos, exclúese a posibilidade de recorrer en apelación as resolucións pronunciadas en xuízos verbais por razón da contía cando esta non exceda de 3.000 €.

Suprímese o trámite de preparación nos recursos devolutivos.

Polo que se refire ao recurso de casación, serán recorribles as sentenzas pronunciadas en segunda instancia polas audiencias provinciais cando fosen pronunciadas para a tutela civil de dereitos fundamentais (excepto o dereito recollido no artigo 24 da CE), cando a contía do proceso excedese de 600.000 € ou, cando non excedendo de tal importe, a resolución do recurso presente xuro casacional.

- As tercerías de dominio e mellor dereito substanciaranse polo xuízo verbal, evitándose así dilacións indebidas na execución.
- Suprímese a contía de 250.000 € nos procedementos monitorios, o que se equipara ao monitorio europeo.
- Os procesos sobre capacidade, filiación, matrimonio e menores terán tramitación preferente nos casos en que algún dos interesados sexa menor, incapacitado ou estea en situación de ausencia legal.
- Finalmente, e polo que se refire á execución hipotecaria e ás medidas cautelares, a reforma realiza unha aclaración dos procedementos que regulan unha e outras.

O aumento da litixiosidade en España é evidente, como o é, igualmente, o feito de que os xulgados e tribunais españois teñen un atraso na tramitación dos asuntos inaceptable chegando nalgúns casos extremos á saturación.

De todos é sabido que a xustiza, se é lenta, non é xustiza, e que de nada vale que un particular ou unha empresa acudan a un xulgado se van ter que agardar varios meses ou incluso anos a que a súa controversia sexa resolta.

Isto ten un efecto moi pernicioso, e é que os xustizables perdan a súa confianza no sistema xudicial, pedra angular do Estado de dereito, xa que este non pode existir sen un sistema xudicial eficaz capaz de tutelar os dereitos dos cidadáns e facelos cumprir coas súas obrigas.

O lexislador é plenamente consciente disto malia o que expresa na exposición de motivos da lei estudada, na cal relaciona de forma directa o aumento da litixiosidade en España e a satisfacción dos xustizables que, por confiar máis no sistema xudicial, acoden en maior medida a el cando o certo é que, sen deixar de ser veraz esta afirmación, o aumento da litixiosidade se debe tamén a outras circunstancias tales como a conxuntura económica desfavorable e o xurdimiento de novos conflitos derivados desta.

Por isto, acométese a reforma estudada que, na nosa opinión, é acertada nalgúns aspectos como a aplicación do sistema do procedemento monitorio aos desafiuzamentos, cuxo procedemento xudicial é rotundamente deficiente na actualidade, o que sen dúbida redundará en detrimento do mercado de alugamento de vivendas.

Tamén é acertada a aplicación do procedemento verbal ás tercerías ou aos procedementos acerca de arrendamentos financeiros de bens mobles ou venda de mobles a prazos, o que redundará nunha redución de tempo e custos. E o mesmo cabe dicir respecto das execucións hipotecarias e das medidas cautelares.

Non obstante, algunhas das medidas adoptadas e que tratan de axilizar os procedementos fano á custa de minguar os dereitos dos xustizables, o cal é inaceptable.

E así que a eliminación do recurso de apelación nos xuízos verbais de contía inferior a 3.000 € supón unha vulneración do dereito de acceso á xurisdición e aos recursos e non semella a forma máis axeitada de evitar o exceso de litixiosidade.

Nesa mesma liña atópase o aumento da contía mínima dos procedementos para acceder ao recurso de casación, aínda que neste caso o

impacto da medida é menor dado que son moitos menos os litixios que acaban no noso tribunal supremo mediante un recurso de casación.

Na orde contencioso-administrativa a substitución do tradicional criterio da temeridade ou mala fe na imposición de custas polo do vencemento obxectivo (operante no ámbito civil) é unha medida que non se xustifica en absoluto dada a especial configuración que ten esta xurisdición.

No Dereito administrativo a Administración ten unha serie de prerrogativas e vantaxes das que non goza o administrado. Así mesmo, as posibilidades do administrado de ver estimadas as súas pretensións na vía administrativa son normalmente escasas.

É por iso que moitas veces o administrado se ve na obriga de acudir aos tribunais da orde contencioso-administrativa para tutelar os seus dereitos e intereses. Estes tribunais teñen unha función revisora e ata o de agora só lle impoñían as custas á parte que actuase con temeridade ou mala fe. A experiencia demóstranos que case nunca os tribunais condenaban a Administración ao pagamento das custas pese a que en numerosas ocasións podería evitalle ao administrado ter que acudir á vía xudicial ao estimar as súas pretensións na vía administrativa.

Tras a reforma as custas seranlle impostas á parte que vexa desestimadas as súas pretensións totalmente. Isto na práctica implicará que moitas veces as custas lle sexan impostas ao administrado xa que a experiencia amósanos que os tribunais da orde contencioso-administrativa adoitan pronunciar unha alta porcentaxe de resolucións a favor da Administración.

A citada circunstancia carrexará que moitos administrados non interpoñan recursos ante esta xurisdición por ser nuns casos de escasa contía (por exemplo, multas de tráfico) e noutros polo medo a ser condenados ao pagamento das custas.

Polo tanto, observarase como esta medida, aínda que de seguro que reducirá a litixiosidade, farao á custa de minguar o acceso de facto (que non de iure) dos administrados aos tribunais da orde contencioso-administrativa.

O lexislador debería ter estas circunstancias en conta e valorar a adopción doutras medidas para reducir o exceso de litixios que non impliquen unha perda dos dereitos dos xustizables. E é que unha das principais funcións do Estado de dereito é garantir o acceso dos seus cidadáns aos órganos de xustiza.

Delito contra o medio ambiente: a contaminación acústica

M^a Lourdes Soto Rodríguez
Licenciada en Dereito



O dereito á saúde é un ben primario esencial e a consolidación do ruído afecta ao medio e altera a convivencia social afectando á saúde das persoas, o que merece un reproche penal e por iso a chamada "contaminación acústica" está regulada no artigo 325 do CP. Establece o artigo 325 do CP "será castigado coas penas de prisión de dous a cinco anos, multa de oito a vinte e catro meses e inhabilitación especial para profesión ou oficio por tempo dun a tres anos quen, contravindo as leis ou outras disposicións de carácter xeral protectoras do medio, provoque, realice directa ou indirectamente ruídos. Se o risco de grave perigo fose para a saúde das persoas, a pena de prisión imporase na súa metade superior".

Estamos en presenza dunha lei penal en branco, na que unha parte da conduta ilícita ou típica se atopa fóra da norma penal, con reenvío a outras leis ou disposicións de carácter xeral que protexen o medio, técnica lexislativa que, como sabemos, está próxima á vulneración do principio de legalidade, posto que os avatares de normas do mesmo rango ou de categoría inferior doutras ramas do dereito marcan a existencia do tipo penal, debéndose conter na norma penal o núcleo da conduta delituosa se se pretende respectar tal principio. A devandita norma penal en branco ha de ser completada

con outra de carácter xeral. A cuestión que se debe tratar é saber se unha norma local, é dicir, as ordenanzas municipais, é válida para realizar a devandita integración.

É necesario pois que o delito contra o medio teña esta forma de reenvío a outras normas, posto que no caso contrario sería practicamente imposible redactar as condutas penais completas, con risco de ser extensísimas, confusas e con lagoas de impunidad. O propio Tribunal Supremo resolveu moi recentemente esta cuestión e analizouno resolvendo do seguinte modo: "Aínda que puidésemos non fixarnos na Directiva comunitaria 2002/49, sobre ruído ambiental, ante as dificultades que se formulasen sobre a súa aplicación directa, como, tampouco na Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, dadas as súas disposicións sobre *vacatio legis*, non cabe dubidar que o elemento normativo do tipo queda integrado con normas de carácter xeral. Tal condición merecen tanto a lei do ruído de cada comunidade sobre contaminación acústica, como a ordenanza xeral do medio urbano de calquera concello. Todas estas normas, aínda que de vixencia territorial, conteñen mandatos ou prohibicións sen discriminación ningunha por razón das persoas, debendo reputarse como normas xerais, non particulares, e que teñen como función a complementación do elemento normativo a que se refire o artigo 325 do CP.

Na Sala Segunda do Tribunal Supremo, na sentenza do 24-02-2003 explícase como as leis autonómicas e as ordenanzas municipais poden cumprir a función de completar a lei penal estatal, que defina o núcleo esencial do tipo, en materia de contaminación acústica". (F. J. 1º) e todo iso analizando o artigo 148.1.9º CE e os artigos 127.1 e 129.1, 2 e 3 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do artigo 25.f da Lei de bases de réxime local.



A conduta realizada debe contravir as leis ou outras disposicións de carácter xeral protectoras do medio, polo tanto, en todo caso haberá de concretarse a norma administrativa que se está a infrinxir cando se leva a cabo algunha das condutas ao principio citadas e previstas no propio tipo, sen cuxa concreción non existiría delito ningún.

O ruído é un factor patóxico que vulnera a intimidade das persoas, desenvolvéndose unha lexislación administrativa para o efecto de orde estatal, autonómica e municipal, destacando a Lei do ruído do 17 de novembro de 2003 (RCL 2003\2683), para protexer as persoas de tales agresións que poidan causar aos equilibrios naturais ou na saúde das persoas pode dar lugar a unha sanción de orde administrativa.

Na orde penal regúlase a través do artigo 325 RCL 1995\3170 do Código penal (RCL 1995\3170 e RCL 1996, 777), tendo como fundamento legal o artigo 45.3 RCL 1978\2836 da Constitución española (RCL 1978\2836).

O dereito a non soportar inspiracións acústicas de maneira que afecte prexudicialmente á saúde, calidade de vida e benestar das persoas pode fundamentarse tamén, dende a óptica constitucional, no dereito á intimidade persoal, á inviolabilidade do domicilio, artigo 18.1 e 2 RCL 1978\2836 CE e no dereito á saúde, artigo 43 RCL 1978\2836 da norma fundamental.

Os feitos en instancia que motivan a sentenza do Tribunal Supremo contéñense na pronunciada pola Audiencia de Xaén (Sección 3ª) do 20 de marzo de 2006 (PROV 2006\115086), podéndose resumir en que unha vez concedida a apertura do establecemento de bebidas denominado pub, condicionada esta ao cumprimento da normativa municipal sobre protección do medio contra ruídos e vibracións, os dous acusados, o administrador da sociedade á que pertencía o local e o seu encargado, quebrantárona durante dous anos con elevados ruídos que motivaron denuncias da comunidade de propietarios do edificio en que se atopaba o establecemento. Isto deu lugar a que o concello lle clausurase o equipo de música do pub, o que non impediu que os acusados instalasen un novo equipo musical sen autorización administrativa, provocando ruídos moi superiores aos permitidos pola normativa aplicable ao caso. Como consecuencia dos ruídos descritos, unha veciña do inmovible onde estaba situado o local sufriu un trastorno depresivo de intensidade moderada e cróni-

co, caracterizado por ansiedade e insomnio, que precisou tratamento psicofarmacolóxico ata que cesaron os ruídos.

En definitiva, a soa perpetración de actos contaminantes que atenten contra o medio contravindo normas administrativas non motiva a comisión de ningún delito. É necesario que poidan prexudicar gravemente o equilibrio dos sistemas naturais ou a saúde das persoas, por iso deberá determinarse esa gravidade para tales bens co fin de diferenciar a conduta penal da mera contravención administrativa.

A sentenza da Audiencia de Xaén citada e a do Tribunal Supremo do 7 de febreiro de 2007 (RJ 2007\801) que nos ocupa aprecian nos feitos declarados probados un delito do artigo 325.1 RCL 1995\3170 CP, ao concorrer o elemento contaminante, ruído que producen os acusados mediante a súa conduta de poñer en funcionamento un aparato musical con volume moi superior ao autorizado, de xeito permanente durante anos e ademais incumprindo o precinto do aparato, que infrinxe a normativa administrativa aplicable no lugar onde se causa e ademais atenta contra a saúde das persoas, como se obxectiviza na deterioración da saúde dunha veciña do inmovible onde se atopaba o establecemento que producía os ruídos.

O primeiro que se pode obter da sentenza é a consolidación de que o ruído é un axente que afecta o medio e que a súa causalidade na forma recollida na resolución altera a convivencia social e afecta a saúde das persoas, o que merece un reproche penal con pena privativa de liberdade.

Igualmente poderíase aplicar o tipo agravado do artigo 326.b RCL 1995\3170 CP previsto para cando se desobedezan as ordes expresas da autoridade administrativa de corrección ou suspensión da actividade contaminante.

En definitiva, a defensa do medio, cando a agresión procede do ruído como axente contaminante, está recoñecida polo TEDH, entre outras na sentenza do 2 de outubro de 2001 (sic) (TEDH 1998\2), caso Guerra vs Italia, polo Tribunal Constitucional nas sentenzas do 24 de maio de 2001 (RTC 2001\119) e do 26 de febreiro de 2004 (RTC 2004\25) e finalmente pola Sala 2ª do Tribunal Supremo na sentenza do 24 de febreiro de 2003 (RJ 2003\950), así como en numerosas sentenzas de audiencias provinciais, todo o que supón un serio avance na loita por preservar o equilibrio dos sistemas e a saúde das persoas, posto que por ambas as vías se atenta contra a persoa no seu dereito a unha vida máis acorde coa natureza e no seu dereito á saúde como ben esencial de cada unha delas.

Quebrantamento de condena: consentimento da vítima

M^a Lourdes Soto Rodríguez
Licenciada en Dereito



Sobre a problemática dos quebrantamentos de condena, medida preventiva ou semellantes, previstos nos artigos 468 a 471 do CP, ambos os dous inclusive, é de destacar o quebrantamento dunha medida de afastamento porque mediou consentimento da vítima. No artigo 468.2 CP, pola existencia do devandito consentimento, abórdase unha cuestión que se formula moi a miúdo e con certa frecuencia: o posible erro de tipo que exclúe o dolo.

É o típico caso en que o acusado coñecía a vixencia desa orde de afastamento que lle foi notificada na forma legal. O acusado sabía que pesaba sobre el unha orde de afastamento que lle impedía comunicarse ou aproximarse á súa muller a unha determinada distancia. Cómpre dicir que as resolucións xudiciais só poden ser modificadas ou alteradas no seu contido ou suprimidas polos xuíces e polos tribunais que as pronunciaron. As persoas afectas por estas non poden modificar as resolucións xudiciais nin as poden alterar no seu contido e tan só os xuíces poden facelo revogando tales medidas de afastamento e deixándoas sen vigor. É práctica frecuente que o acusado e a vítima de malos tratos intenten arranxar a súa situación sentimental e que se produzan encontros esporádicos mantidos entre a parella e que sexa a propia vítima a que queira continuar a convivencia quebrantando a devandita medida imposta xudicialmente.

Nestas condicións, aceptar o erro de tipo suporía recoñecer a posibilidade dunha equivocación por parte do autor acerca da capacidade de calquera vítima para decidir sobre a vixencia de mandatos xudiciais.

Na STS do 26-02-2010, en canto á interpretación do artigo 468 do Código penal,

dise que "o consentimento da muller non exclúe a punibilidade para os efectos do artigo 468 do Código penal". É claro que se a función social da pena é a ratificación da vixencia da norma fronte á acción lesiva dun ben xurídico, tal función non pode depender da vontade dun suxeito privado, na medida en que non se trata dun interese individual.

Ademais a vixencia do ben xurídico protexido non queda enervada polo consentimento da muller, xa que é o principio de autoridade o que se ofende co delito de quebrantamento de medida (STS 39/2009, de 29 xaneiro).

A devandita medida de afastamento acórdase por razóns de seguridade en beneficio da muller, para a protección da súa vida e a integridade corporal e, a pesar de que ela desexe continuar a convivencia, non é quen como para dispoñer dos devanditos bens xurídicos ao seu propio antollo, pero tampouco é o ben xurídico que directamente protexe o precepto (STS núm. 1156/2005, do 26 de setembro e núm. 69/2006, do 20 de xaneiro).

Por último, o "consentimento" soamente podería apreciarse sobre a óptica dun erro invencible de tipo, analizando as condicións psicolóxicas da vítima (STS 69/2006, do 20 xaneiro).



O galego na xustiza, a debate



Paz Filgueira, Patricia López Arnos, Xermán García e Alba Nogueira

A V Xornada Xustiza e Lingua, reflexións para a normalización, celebrada o 28 de novembro no Colexio de Avogados, serviu como foro de debate no que se analizou a implantación da lingua no sector e o nivel de incidencia das accións encamiñadas a asentir e potenciar a lingua galega no eido xudicial. No salón de actos, abriu as intervencións o decano, Evaristo Nogueira, que se comprometeu a continuar co proceso de normalización do uso do galego en todas as actividades da institución colexial.

Pola súa parte, o director xeral de Xustiza, Juan José Martín, lembrou a importante evolución no uso do galego nos últimos vinte anos. “Dende a Administración, seguire-

mos a impulsar a normalización da lingua no eido xudicial, para que a promoción e o uso do idioma reflectan o establecido na lexislación”, asegurou.

O secretario xeral de Política Lingüística da Xunta, Anxo Lorenzo, considerou “vital” a actitude dos profesionais do ámbito da Xustiza para favorecer a extensión social da lingua galega, nun campo “no que queda moito por facer”. Ademais, aproveitou a ocasión para presentar o primeiro Dicionario Xurídico Galego, co obxectivo de dotar de “recursos funcionais” que faciliten o “entendemento” do significado dos textos xurídicos “en clave galega”.

A mesa redonda continuou coa intervención de Paz Filgueira, maxistrada do Xulgado Social número 1 de Santiago, para quen é fundamental que “os maxistrados tomen a iniciativa”, ao tempo que lembrou o dereito de calquera imputado ou testemuña a falar en galego se é a súa lingua de orixe e de uso cotián.

Outra das relatoras da xornada, Alba Nogueira, doutora e profesora titular de Dereito administrativo da USC, apostou por “animar aos avogados a defender os dereitos dos seus clientes se falan en galego”. Recoñeceu que a presenza da lingua aínda é escasa na xustiza, “un sector que polo xeral é bastante pechado ao uso de linguas propias”.

Rematou a mesa redonda coa intervención de Xermán García Cancela, xefe do Servizo de Tradución da Xunta de Galicia. Pidiu, ademais dun maior uso do galego, unha simplificación da linguaxe que utilizan os maxistrados nas sentenzas. A xornada pechouse cunha quenda de preguntas de parte do público asistente, entre o que se atopaba Bieito Lobeira, deputado do BNG no Parlamento de Galicia.



Asistentes á xornada, celebrada no salón de actos do Colexio

Acordo da Audiencia Provincial da Coruña

Transcribimos a seguir o acordo do 10/11/2011 adoptado polos maxistrados da Audiencia Provincial da Coruña sobre o réxime transitorio do recurso como consecuencia da entrada en vigor da Lei 37/2011, do 10 de outubro, de medidas de axilización procesual:

«Co fin de unificar criterios en materias comúns á orde xurisdiccional civil, relativos ao réxime transitorio derivado da entrada en vigor da Lei 37/2011, do 10 de outubro, de medidas de axilización procesual, en materia de recursos, seguindo a orde do día da convocatoria adóptanse os seguintes acordos:

- 1. Conforme ao establecido na disposición transitoria única da Lei 37/2011, do 10 de outubro, de medidas de axilización procesual, para establecer cal debe ser o réxime para a interposición dos recursos de apelación, casación e extraordinario por infracción procesual, deberá atenderse exclusivamente á data da sentenza que pon fin á instancia, con independencia de cando se notifique. En consecuencia, o réxime de interposición e tramitación dos mencionados recursos contra as sentenzas pronunciadas con posterioridade á entrada en vigor da lei 37/2011 é o establecido nesta. Pola contra, as sentenzas pronunciadas con anterioridade serán susceptibles de recurso nos casose coa tramitación prevista na redacción vixente ata daquela da Lei de axuizamento civil.
- 2. Logo de darse casos nos que, malia pronunciarse a sentenza con anterioridade ao día 31/10/2011, durante o prazo para preparar o recurso entrou en vigor a lei 37/2011, considérase que, por excepción, deberán admitirse os recursos de apelación, casación e extraordinario por infracción procesual tanto se se segue o sistema de preparar o recurso nos cinco días hábiles seguintes, como se se interpuxese directamente dentro dos 20 días conforme á redacción actual. Polo que non debe declararse a firmeza da sentenza ata que transcorra o prazo de 20 días.»

Xulgado Decano: obrigatoriedade de consignar os datos mínimos de identificación nos escritos

O Xulgado Decano de Santiago remitiulle ao Colexio un escrito no que volve solicitar a colaboración de todos os letrados/as para consignar correctamente os datos de identificación das partes nos seus escritos.

A entrada en vigor da reforma procesual incorporada pola Lei 13/2009, do 3 de novembro, e do Regulamento 2/2010 sobre criterios de homoxeneización das actuacións dos servizos comúns procesuais, aprobado polo Consello Xeral do Poder Xudicial, establece a obrigatoriedade de consignar a totalidade dos datos relativos á correcta identificación das partes intervenientes, dos seus representantes e da oficina xudicial á que se dirixa o documento.

Censo colexial

O censo do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela rexistra a día 30.11.2011 un total de **1.160** colexiados e colexiadas, repartidos entre 772 exercentes e 388 non exercentes.

Exercentes		Residentes		Non residentes	
772	674	306 mulleres	98	21 mulleres	
		366 homes		77 homes	

Non exercentes	Mulleres	Homes
388	249	139

Durante o ano 2011, coa entrada en vigor da lei de acceso, déronse de alta 188 novos colexiados e colexiadas. Destas altas, 34 corresponderon a colexiacións con exercicio e 154 como non exercentes.

Francisco Caamaño, Antonio Castro e Proxecto Home, galardóns de San Raimundo de Peñafort

O Colexio de Avogados de Santiago aprobou en xunta directiva os nomes das persoas e das institucións que serán galardoadas con motivo da festividade de San Raimundo de Peñafort, que se celebrará en xaneiro. Os recoñecementos serán nesta ocasión para Francisco Caamaño, ex ministro de Xustiza; Proxecto Home Galicia e o ex alcalde de Santiago e xurista Antonio Castro (a título póstumo).

Caamaño recibirá unha das medallas de ouro, segundo a xunta directiva do Colexio de Avogados de Santiago, "pola defensa que realizou das institucións colexiais durante a súa etapa como ministro de Xustiza, así como pola súa estreita colaboración co sector da avogacía".

A outra medalla de ouro, para avogados colexiados, recaerá nesta ocasión a título póstumo en Antonio Castro, ex alcalde de Santiago de Compostela e xurista durante décadas. Para o colexio de avogados compostelán, "tivo unha traxectoria profesional exemplar e destacou sempre pola defensa dos dereitos sociais".

Á marxe das medallas de ouro, o III Premio Dereitos Humanos entregárase a Proxecto Home Galicia. "O traballo que realiza dende hai anos esta institución coas persoas drogodependentes, en numerosos casos en situación de exclusión social, faina merecedora da distinción", sostén a xunta directiva do colexio.



Os novos letrados posan con Francisco Caamaño e membros da xunta directiva do Colexio

Xura de trece novos letrados e letradas no Colexio de Avogados

Francisco Caamaño presidiu o pasado mes de outubro a xura de trece novos letrados nun acto que se celebrou no Colexio de Avogados de Santiago. O ex ministro de Xustiza, acompañado polo alcalde de Santiago, Xerardo Conde Roa, e polo decano do Colexio de Avogados, Evaristo Nogueira, lembrou os seus primeiros pasos como avogado e manifestou que se trata "dunha profesión única, difícil e comprometida cos demais". Caamaño convidou os novos letrados a asumir "unha responsabilidade profesional e ética".

Os letrados e letradas que xuraron foron Carolina Botana Gómez, Cristina Fernández Bermúdez, Gloria Zúñiga Rial, José Luis Rey Hermida, Gonzalo Fernández Fernández, Cruz Precado Gómez, Silvia Isorna, Elena Salgado Seijas, Tania Turnes Abelenda, Eva Novás Mato, Rosario González Seoane, Iván Piñeiro Iglesias e Inmaculada Gondelle Lista.

Circulares informativas 2011

Circular 05/2011

- Implantación do sistema integral de xestión da avogacía (SIGA)

Circular 06/2011

- Mutualidade: reunión territorial previa
- Guía colexial 2011
- Implantación do sistema integral de xestión da avogacía (SIGA)

Circular 07/2011

- Deberes e obrigas deontolóxicas

Circular 08/2011

- Congreso Nacional da Avogacía (Cadiz, 26-28 de outubro): bolsas de asistencia

Circular 09/2011

- Agradecemento de dona Rosa Collazo
- Resposta do TSXG sobre a obtención de resolucións dos tribunais galegos

Circular 10/2011

- Xornada sobre o texto refundido da Lei de sociedades de capital

Circular 11/2011

- Acordo con URBAN: promoción especial para colexiados/as
- Descontos nas tendas Goyanes Moda e Adan, SL

Circular 12/2011

- Prazo para comunicar o número de móbil das gardas: 18/11/2011

Circular 13/2011

- Xunta xeral ordinaria (2ª/2011)
- Acordo da Audiencia Provincial da Coruña
- Alugamento de despacho

Novidades lexislativas

- Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social (BOE núm. 245, 11/10/2011)
- Lei 37/2011, do 10 de outubro, de medidas de axilización procesual (BOE núm. 245, 11/10/2011)
- Lei 38/2011, do 10 de outubro, de reforma da lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal (BOE núm. 245, 11/10/2011)
- Real decreto-lei 8/2011, do 1 de xullo, de medidas de apoio aos debedores hipotecarios, de control

do gasto público e cancelación de débedas con empresas e autónomos contraídas polas entidades locais, de fomento da actividade empresarial e impulso da rehabilitación e de simplificación administrativa (BOE núm. 161, 07/06/2011)

- Lei 18/2011, do 5 de xullo, reguladora do uso das tecnoloxías da información e da comunicación na administración de xustiza (BOE núm. 160, 06/07/2011)

COOPERATIVA DE VIVIENDAS DE PROTECCIÓN AUTONÓMICA

EN PONTEPEDRIÑA, SANTIAGO.

PISOS DE 1 dormitorio desde 86.500€

PISOS DE 2 dormitorios desde 99.500€

PISOS DE 3 dormitorios desde 125.500€

*precios sin IVA. trastero y plazas de garaje incluidos.

CONSTRUYE **RUA FER SA**
CONSTRUCCIONES

Hop. de El Salvador 15, Santiago • T. 981 591 650 • ruator@ruator.com



NUESTRAS OBRAS Y
MÁS DE 40 AÑOS
DE EXPERIENCIA
NOS AVALAN

Rep. del Salvador, 15
15701 Santiago de Compostela
T.981 591 650 • ruafes@ruafes.com

SUP7 PONTEPEDRIÑA
Santiago Plaza de garaje y
trastero incluido.

PISOS DE 2 dormitorios desde 134.000€

PISOS DE 3 dormitorios desde 152.000€

PISOS DE 4 dormitorios desde 202.000€

*precios sin IVA • LIC / 642



Visita do novo alcalde ao Colexio de Avogados



O alcalde, coa xunta directiva do Colexio

O alcalde de Santiago, Xerardo Conde Roa, realizou unha visita institucional ao Colexio de Avogados de Santiago. A xunta directiva demandoulle ao rexedor o seu apoio para as reivindicacións que dende hai tempo realiza o colexio, entre as que destaca a posta en marcha “de forma urxente” dun novo xulgado contencioso-administrativo na cidade.

En palabras de Evaristo Nogueira, “a situación é cada día que pasa máis preocupante, porque nos dous xulgados do contencioso que están operativos se están sinalando vistas para o ao 2013, ao que hai que sumar despois o tempo que leva o xuízo e a sentenza”. Ante esta situación de “colapso”, o Colexio de Avogados considera “fundamental” a dotación dun novo xulgado.

Ademais desta petición, o decano dos avogados composteláns trasladoulle a necesidade de que Santiago conte cun novo xulgado mercantil e cunha segunda sección da Audiencia Provincial, que se una á xa existente na cidade.

Prazas de aparcadoiro para letrados/as de asistencia ao detido (Xulgados das Fontiñas)

Entre as necesidades e reivindicacións feitas pola nosa Xunta de Goberno ao alcalde Xerardo Conde Roa durante a súa visita ao Colexio de Avogados, reiteróuselle a necesidade de dispoñer dunhas prazas de aparcadoiro diante do edificio dos xulgados das Fontiñas para os letrados de asistencia ao detido que deben prestar este servizo diariamente.

A nosa reivindicación foi atendida e o noso decano recibiu unha chamada da alcaldía na que se nos comunicaba que dende o pasado 19 de decembro, os letrados de garda de asistencia ao detido disporán de dúas prazas de aparcadoiro nas proximidades do edificio dos xulgados.

Polo tanto, informámosvos de que os letrados de garda poderán pedir na oficina que ten o Colexio nos xulgados a tarxeta que autoriza o aparcamento nas anteditas prazas. Esta tarxeta só é válida para o día en que se está de garda e para esas dúas prazas en particular, polo que pedimos a todos os letrados do Servizo de Asistencia ao Detido que fagan un uso responsable do aparcadoiro e da tarxeta correspondente.



Novas prazas para os avogados da quenda de oficio

A importancia da oratoria

Unha sabia e coñecida anécdota árabe di que nunha ocasión un sultán soñou que perdera todos os dentes. Despois de espertar, mandou chamar a un adiviño para que interpretase o seu soño.

Que desgraza, meu señor! exclamou o adiviño.

Cada dente caído representa a perda dun parente da vosa Maxestade.

Que insolencia! gritou o sultán enfurecido.

Como te atreves a dicirme semellante cousa? Fóra de aquí!

Chamou o seu garda e ordenou que lle desen cen lategazos.

Máis tarde ordenou que lle trouxesen outro adiviño e contoulle o que soñara.

Este, despois de escoitar o sultán con atención, díxolle:

Excelso señor! Gran felicidade foivos reservada. O soño significa que sobreviviredes a todos os vosos parentes.

Iluminouse o aspecto do sultán cun gran sorriso e ordenou que lle desen cen moedas de ouro.

Cando este saía do palacio, un dos cortesáns díxolle admirado:

Non é posible! A interpretación que fixeches dos soños é a mesma ca a do primeiro adiviño. Non entendo por que ao primeiro lle pagou con cen lategazos e a ti con cen moedas de ouro.

Lembra ben amigo meu respondeu o segundo adiviño que todo depende da forma no dicir...

Esta historia que acaban de ler reflicte a importancia que ten o saber comunicar de modo eficaz en calquera faceta profesional. Máxime se por razón da nosa profesión a oratoria é unha das habilidades máis importantes e necesarias nun bo avogado.

E o paradoxo radica en que nas aulas de Dereito non se imparte formación neste sentido. Fórmanse bos xuristas, pero ademais de selo hai que parecelo. E para iso é necesario saber comunicar, saber transmitir os nosos coñecementos e saber aplicalos a través da palabra.

Neste sentido, cursos de oratoria xurídica como o que actualmente organiza o ICA de Santiago veñen compensar estas carencias por parte dos novos avogados, e tamén busca corrixir vicios adquiridos polos xa expertos avogados, que consideran que a práctica xa os curtiu nas súas facetas dialécticas. Pero unha cousa é a práctica, e outra, a boa práctica.

Cada vez máis, en todos os ámbitos profesionais a comunicación é un factor determinante. Por iso, este curso pretende levar as técnicas existentes no campo da oratoria profesional ao mundo da avogacía. Tendo sempre en conta as peculiaridades da oratoria forense e a comunicación co cliente.

Durante estas sesións os alumnos aprenden a preparar e desenvolver unha alegación eficaz, que os poida inmunizar das xa coñecidas reaccións dun xuíz que leva xa varias horas na sala escoitando alegacións.

É importante que un avogado aprenda a usar correctamente a linguaxe non verbal para arroxar máis seguridade como orador e, por tanto, para lle dar máis credibilidade ao seu discurso ante o xuíz e o seu cliente.

Tamén se dan a coñecer diferentes técnicas para lograr interrogatorios máis eficaces, e para interpretar mellor as declaracións das partes e das testemuñas.

Por último, o curso busca converter as debilidades comunicativas de cada alumno en fortalezas. Dun modo práctico busca potenciar as capacidades de cada un, das cales moitas veces non somos conscientes, porque ninguén antes nos ensinou a descubrilas.

Dicía Albert Einstein: Un non sabe realmente algo ata que non logra explicarllo á súa avoa . E cantas veces na sala nos pasou que sabemos algo, levámolo estudado, pero non sabemos expresar as nosas ideas?



Santiago Martínez

Santiago Martínez

Consultor político e profesor de oratoria profesional e xurídica

Un pouco máis arriba da lingua

Estefanía A. Lodeiro Paz
Colexiada 2 127 do ICA de Santiago de Compostela



Toda sociedade precisa dun conxunto de regras e principios que posibiliten a convivencia dos seus membros, así como dun conxunto de institucións e profesionais que garantan o seu cumprimento e faciliten, coa súa aplicación, a resolución dos conflitos. Na conclusión da edición dedicada ao Dereito dos *Encontros sobre o Feito Diferencial Galego*, organizados polo Museo do Pobo Galego, constatábase o nefando papel xogado polo Dereito como represor e descoñecedor do feito diferencial galego en moitos momentos da nosa historia, así como a posibilidade de cambiar radicalmente o seu papel na situación presente.

A cidadanía galega mostraba, e en parte aínda mostra, unha forte desconfianza cara á administración xudicial e cara aos profesionais do dereito. O afastamento da autoridade respecto da sociedade galega obrigou os nosos devanceiros a reaccionar fronte ás normas de dereito común, alleadoras e desgaleguizadas, dando pé á aparición de costumes propios acordes coa nosa realidade social á marxe do sistema xurídico oficial. A posterior evolución co recoñecemento da singularidade foral galega, a consolidación da democracia e a implantación do sistema autonómico con potestade lexislativa achegaron o Dereito á sociedade galega, pero non puxeron fin aos prexuízos tradicionais nin aos habituais receos cando trataba cos xuristas.

Os refráns, por recoller a sabedoría popular e, sobre todo, por legar esta experiencia ás futuras xeracións, reflicten a imaxe que ten o noso pobo do dereito e da xustiza e a súa relación co mundo xurídico. Na recompilación *Refráns da Xustiza*, elaborada pola Irmandade Xurídica Galega, podemos ver exemplos da primacía do costume fronte á lei (*non valen leis sin costumes, valen costumes sin leis*), ou do receo diante da xudicatura (*xente de xustiza, xente de maliza*), dos preitos (*preitos e baraxas desfán as casas*) e da avogacía (*cando toma corpo o diaño, vístese de avogado*). Recorren a nós (*no negocio, na*

casa e na facenda busca avogado que te defenda), sen importar o custo (*máis quero avogado caro que me coma a facenda, do que de enxoiro e barato que mal me defenda*) por necesidade imperiosa (*máis pode un home no estrado ca trinta na taberna*) e non por confianza (*xustiza, Deus a deia, que pouca se fai na terra galega*).



- ¿Y la hirieron a usted en la misma reyerta?
- Non, señor, foi un pouco máis arriba.

A relación entre xustiza e cidadanía ten outra causa primordial. Desde a instauración da xustiza moderna e aínda hoxe mantemos unha eiva pola indiferenza que manifestan institucións, axentes públicos e profesionais do dereito polo idioma no que o pobo se expresa. Álvaro das Casas, no *Refraneiro Galego*, aconsellaba: “no teu país fala sempre a túa lingo; o que non-entenda que adeprenda: tamén ti cando saes pol-o mundo tés de adeprender outras falas. En galego enténdeste mellor, sabes sempre o que dis e ningún pode engañarte”. Por desgraza,

os xuristas desprezaban o galego e dirixíanse á cidadanía en castelán, nunha lingua que mal entendían, que se prestaba a equívocos cando non a enganos. Certo é que no século XXI o castelán está moito máis estendido e que as normas recoñecen o galego como lingua propia de Galiza, pero continúa a indiferenza, cando non o desprezo, dos profesionais e afecta ao dereito á xustiza efectiva no noso idioma. Nunha chea de tribunais segue a empregarse o castelán mesmo cando resulta evidente que quen actúa como demandante, demandado ou testemuña estaría máis cómodo e entendería mellor o seu papel de falar en galego. Como moitas das súas obras, a viñeta de Castelao aquí reproducida aínda hoxe ten que facernos pensar.

Non hai que buscar liortas, hai que pagar débedas e reparar ofensas pasadas. Sexamos conscientes de que a nosa profesión goza de consideración entre a xente, e que podemos reforzar o valor e a imaxe da lingua galega, igual que colegas desleigados que nos precederon aproveitaron o seu estatus para facer o contrario. Cando unha persoa se achega a un bufete ou a un tribunal, pretende resolver un problema e na maioría dos casos pode pensar que cambiar o idioma no que lle falan avogados ou xuíces ou calquera outro axente podería supoñerlle un custo que pagaría cunha defensa ou unha sentenza peor para os seus intereses. Este dilema foi esencial na nula asunción do galego nas relacións xurídicas, e aínda máis cando falar en galego supoñía unha penalización real para o cidadán galego-

falante a causa do desprezo ou da hostilidade contra o noso idioma por quen tiña o poder de decidir na cuestión presentada. Por fortuna, hoxe a normativa protexe formalmente o idioma e non hai lugar a tal represalia, pero cómpre rachar cos atavismos e convencer a cidadanía de que optar polo galego como lingua de relación no campo xurídico debería ser o normal na nosa terra. Aproveitemos o noso ascendente sobre quen acode a nós e usemos o prestixio da nosa actividade na defensa e no fomento do galego.

Cómpre en xustiza que, como un dos grupos profesionais con maior responsabilidade histórica na desgaleguización, as xentes da xudicatura, da fiscalía, da avogacía, da procuradoría, do notariado, da docencia e da práctica nos eidos xurídicos corrixamos tal inxustiza e actuemos como axentes impulsores do recoñecemento do galego en todo momento e lugar. Non podemos limitarnos a falar en galego con quen o fala primeiro. Debemos empregar o galego como primeira opción, mesmo a quen se achegue noutro idioma, asumindo que case un 95 % da cidadanía galega entende o galego, e limitar o emprego doutros idiomas ao 5 % restante. Así contribuiremos a que mellore a situación e poderemos ver o futuro do noso idioma con optimismo.

Que cadaquén asuma a súa responsabilidade para impulsar a normalización lingüística do galego en todos os campos xurídicos e fomentar o seu emprego. É o momento de irmos un pouco máis arriba... na defensa da nosa lingua.

Prexuízo
ou
perxuízo?

Soma nota!



A forma estandarizada galega deste verbo é **prexudicar**, que conserva o prefixo latino *pre-* (lat. *praejudicare*). En galego asume dous valores: 'xuízo previo' e 'perda dun ben ou dunha vantaxe':

As modificacións do proxecto poden prexudicar os prazos de execución

Nos derivados da súa familia léxica mantense a mesma partícula prefixada: **prexuízo**, **prexudicial**, **prexudicado**, -a.

En relación con esta forma, cómpre aclarar que o termo fraseolóxico empregado na linguaxe xurídica galega é **danos e perdas**, amplamente documentado nos textos medievais. Xa que logo, debemos evitar o uso do calco léxico castelán ***danos e perxuízos**:

*Na demanda solicitou unha indemnización por **danos e perdas***

Novidades Biblioteca

La liquidación de las sociedades mercantiles. Bilbao: Tirant lo Blanch, 2011.

CASERO LINARES, Luís. *El embargo en la ley de enjuiciamiento civil.* Barcelona: Bosch, 2011.

ESPIGARES HUETE, José Carlos. *La acción rescisoria concursal.* Navarra: Civitas, 2011.

FERNÁNDEZ DE MARCOS, Isabel Davara. *Hacia la estandarización de la protección de datos personales.* Madrid: La Ley, 2011.

GARCÍA GIL, F. Javier. *El préstamo hipotecario y la ejecución especial sumaria de la garantía por impago.* Navarra: DAPP publicaciones jurídicas, 2011.

Comentarios a la legislación antitabaco. Bilbao: La Ley, 2011.

Manual de ejecución penitenciaria: defenderse de la cárcel. Madrid: Colex, 2011.

GÓMEZ PUENTE, Marcos. *La inactividad de la administración.* Navarra: Aranzadi, 2011.

Comentarios a la ley reguladora de la jurisdicción social. Valencia: Lex Nova, 2011.

GÓNZALEZ DE LA GARZA, Luis M. *El nuevo marco jurídico de las telecomunicaciones en Europa: redes sociales especializadas, neutralidad de la red y diviendo digital.* Madrid: La Ley, 2011.

Ética empresarial y códigos de conducta. Madrid: La Ley, 2011.

GÓNZALEZ PÉREZ, Jesús. *Comentarios a la Ley de la jurisdicción contencioso-administrativa (Ley 29/1998, de 13 de julio).* Navarra: Aranzadi, 2011.

Tratado de derecho de sucesiones: Código Civil y normativa civil autonómica: Aragón, Baleares, Cataluña, Galicia, Navarra, País Vasco. Navarra: Civitas, 2011.

LÓPEZ-BARAJAS PEREA, Inmaculada. *La intervención de las comunicaciones electrónicas.* Madrid: La Ley, 2011.

Responsabilidad penal de las personas jurídicas aspectos sustantivos y procesales. Madrid: La Ley, 2011.

Manual práctico sobre derecho de la circulación y del seguro en la siniestralidad vial. Madrid: La Ley, 2011.

La propiedad intelectual en la era digital: límites e infracciones a los derechos de autor en Internet. Madrid: La Ley, 2011.

OSSORIO SERRANO, Juan Miguel. *Lecciones de derecho de daños.* Madrid: La Ley, 2011.

OTXOA-ERRARTE GOIKOETXEA, Rosa. *La responsabilidad de los socios por la infracapitalización de su sociedad.* Navarra: Aranzadi, 2011.

PRENAFETA RODRÍGUEZ, Javier. *Comunicaciones electrónicas: derechos del usuario y gestión de reclamaciones.* Barcelona: Bosch, 2011.

El acoso: tratamiento penal y procesal. Murcia: Tirant lo Blanch, 2011.

THOMAS PUIG, PETRA. *La posición de la administración tributaria y el crédito tributario en el proceso concursal.* Madrid: La Ley, 2011.

URBANO CASTRILLO, Eduardo de. *El derecho al secreto de las comunicaciones.* Madrid: La Ley, 2011.

Práctica de seguridad social. Madrid: La Ley, 2011.

La regulación bancaria. Madrid, 2011.

Acordo de colaboración editorial “La Ley-Grupo Wolters Kluwer”

A editorial La Ley-Grupo Wolters Kluwer, consonte o acordo de colaboración subscrito co Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, cedeu gratuitamente para a biblioteca as seguintes obras:

Los principios jurídicos de derecho administrativo




Director: Juan Alfonso Santamaría Pastor
Edita: LA LEY
Ano: 2011
Páxinas: 1620

Tratado de psiquiatría legal y forense



Autor: Juan José Carrasco Gómez
Ano: 2011
Edita: LA LEY
Páxinas: 2.032

Práctica de Seguridad Social



Coordinador: Abelardo Delgado Pacheco
Edita: LA LEY
Ano: 2011
Páxinas: 1420

Comentarios a la legislación antitabaco



Autor: Francisco J. García Gil
Edita: La Ley
Ano: 2011
Páxinas: 240

El derecho al secreto de las telecomunicaciones



Autor: Eduardo de Urbano Castrillo
Edita: LA LEY
Ano: 2011
Páxinas: 388

La intervención de las comunicaciones electrónicas



Autor: Inmaculada López-Barajas Perea
Edita: LA LEY
Ano: 2011
Páxinas: 352

Ética empresarial y códigos de conducta



Director: José Luís Goñi Sein
Edita: LA LEY
Ano: 2011
Páxinas: 640

La regulación bancaria



Autor: Juan Manuel Vega Serrano
Edita: LA LEY
Ano: 2011
Páxinas: 328

El procedimiento de disolución y liquidación en la ley de sociedades de capital



Autor: Jorge Moya Ballester
Edita: LA LEY
Ano: 2011
Páxinas: 224

La ley 15/2007, de defensa de competencia. Balance de su aplicación



Coordinador: Sergio Baches Opi
Edita: LA LEY
Ano: 2011
Páxinas: 360

RUBÉN CELA, VOCEIRO DO BNG NO CONCELLO DE SANTIAGO
CECILIA SIERRA, CONCELLEIRA DE FACENDA NO CONCELLO DE SANTIAGO
VÍCTOR CAROU, DIRECTOR-XERENTE DO AUDITORIO DE GALICIA
M^a ROSA ÁLVAREZ PRADA, DECANA DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA



Rubén Cella, voceiro do BNG
no Concello de Santiago

CONSIDERA QUE OS LETRADOS/AS COMPOSTELÁNS ESTÁN BEN FORMADOS PROFESIONALMENTE?

Rubén Cella: A profesionalidade dos avogados e avogadas que exercen na nosa cidade, en xeral, correspóndese coa súa vocación, dedicación especial e valía, na carreira continua que supón a aprendizaxe e formación continuas a raíz da experiencia e da solvencia que demostran cada xornada. Ese afán polo coñecemento fai que medren profesionalmente tendo tamén o reto de exercer na capital de Galiza, onde está a administración da Xunta, o que lle confire certas particularidades. Por iso ten que ser motivo de orgullo traballar aquí, defender as reivindicacións dos dereitos dos cidadáns e cidadás de Santiago.

Creo que as persoas encargadas de transmitir e de buscar a verdade, pero tamén de proclamala e de defendela, teñen moita valía porque cumpren un papel destacado na sociedade xa que a verdade e a xustiza deben ir da man. Valoro tamén

moi positivamente o traballo desenvolvido polo Servizo de Asesoramento Lingüístico do Colexio de Avogados de Santiago, polo labor de formación, de apoio e de actualización continuada e especializada en materia de lingua, porque deste xeito se contribúe a utilizar o noso idioma no ámbito da Xustiza. Os avogados e avogadas de Santiago que realizan o seu traballo en galego, poden contar con este asesoramento e trátase, pois, dun instrumento sobresaliente para a efectiva normalización da lingua galega.

Cecilia Sierra: Non hai dúbida de que a Escola de Práctica Xurídica contribuíu notablemente á formación de moitas promocións. E xa con alcance xeral e sostido no tempo non é difícil imaxinar a utilidade da oferta formativa do propio Colexio. E os repertorios de xurisprudencia, dixitalizados, tiveron que marcar un antes e un despois na formación continua dos avogados e das avogadas, posto que non quero deixar de destacar a incorporación da muller ao mundo da avogacía.

Víctor Carou: Si. Creo que a Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela é unha das máis prestixiosas de España, o que garante a formación da maioría dos letrados que traballan en Galicia.

Rosa Álvarez Prada: Si, a formación na Facultade de Dereito ten unha longa tradición e recoñecido prestixio. Tamén é certo que os requirimentos actuais son moi complexos, e certamente precísase ademais de actualización e mais especialización en temáticas contemporáneas como violencia de xénero, convivencia e mediación, protección de datos, xestión de institucións e sociedades, interculturalidade...

CRE QUE CANDO ACODE A UN AVOGADO OU AVOGADA RECIBE UN SERVIZO DE CALIDADE?

Rubén Cella: O servizo de calidade na avogacía só pode vir dado mediante a profesionalidade das persoas encargadas de transmitir, buscar, proclamar e defender a verdade. Neste caso, considero que os avogados e avogadas ofrecen un servizo non só de calidade, senón tamén necesario porque cumpren un papel destacado na sociedade a prol da xustiza. Mais ese labor que se desenvolve a maioría das veces en sede xudicial, debe ir acompañado dunha estrutura da administración de Xustiza eficaz, en concreto no ámbito de Santiago de Compostela. O BNG considera



Cecilia Sierra, concelleira de Facenda no Concello de Santiago

necesaria a asignación dun xuíz ou dunha xuíza de adscrición territorial en tanto non se cree o novo xulgado que reclamamos de cara a axilizar a xustiza, porque cremos que unha xustiza que non actúa con prontitude, vólvese inxusta e perde prestacións. Tamén consideramos unha necesidade un xulgado do mercantil e unha sección da audiencia de cara a incrementar a calidade do servizo.

Cecilia Sierra: Dende logo, a impresión que teño é afirmativa. Hoxe os bufetes parecen responder a unha xestión máis profesionalizada que asegura a calidade. E neste punto non quixera deixar de destacar que a avogacía é unha actividade todavía preocupada pola deontoloxía profesional.

Víctor Carou: Evidentemente en calquera eido laboral hai profesionais máis cualificados ca outros, pero en xeral si creo que os clientes poden agardar un servizo de calidade cando se achegan a recibir asesoramento sobre o seu caso particular.

Rosa Álvarez Prada: Xeralmente si, aínda que resulten complexos e descoñecidos os procedementos e a linguaxe empregada.

QUE CONSELLOS LLES DARÍA AOS LETRADOS/AS PARA MELLORAR A SÚA PERCEPCIÓN POLA CIDADANÍA?

Rubén Cela: Como xa fixen público algunha vez, valoro positivamente o traballo desenvolvido polo Servizo de Asesoramento Lingüístico do Colexio de Avogados de Santiago, polo labor de formación, de apoio e de actualización continuada e especializada en materia de lingua, porque deste xeito se contribúe a utilizar o noso idioma no ámbito da xustiza. Os avogados e avogadas de Santiago que realizan o seu traballo en galego poden contar con este asesoramento e trátase, pois, dun instrumento sobresaliente para a efectiva normalización da lingua galega. Así, o meu consello para mellorar a percepción dos avogadas e avogadas por parte da cidadanía pasa porque incrementen o uso do galego no ámbito xudicial xa que é unha maneira efectiva de normalizar a utilización da lingua propia do País dende este sector de referencia e que debера ser exemplo do cumprimento da lexislación en materia lingüística.

Cecilia Sierra: Quizais as avogadas e os avogados deberían facernos ver que non só son útiles cando se presenta un problema ou conflito, senón que poden ser especialmente útiles no desenvolvemento dunha función preventiva.

Víctor Carou: Que intenten ser sempre claros e transparentes cos seus clientes, que os axuden a tomar decisións baseándose na realidade dos feitos. Penso que é fundamental fomentar o diálogo, a negociación e o acordo, evitando o litixio.

Rosa Álvarez Prada: Difícil tarefa a de aconsellar (tamén para unha psicóloga): creo que sería interesante romper a idea de que son “picapreitos”, sempre en conflito, e mostrar a cara máis amable e real, todo o que ten que ver co ordenamento xurídico e o mantemento da legalidade e, por tanto, dos principios e formas que rexen a convivencia. E, por suposto, imprescindible facer máis asequibles e sinxelos os procedementos e máis próxima e actual a linguaxe.

PENSA QUE O LABOR DA AVOGACÍA É ÚTIL PARA A SOCIEDADE? POR QUE?

Rubén Cela: O labor da avogacía, como xa dixeran con anterioridade, cumpre unha función social a favor da Xustiza. Aínda



Víctor Carou, director-xerente do Auditorio de Galicia

De re varia. Opinan de nós

así, para garantir esa utilidade cómpre axilizar a Xustiza de cara a non deixar pasar a oportunidade. Neste sentido, conseguimos que o Pleno do Concello aprobase, por unanimidade, unha proposta do BNG para instar á Xunta a que reclame un novo xulgado do contencioso para Santiago. Ademais, o BNG rexistrou unha proposición non de lei no Parlamento galego e unha iniciativa parlamentar no Congreso dos Deputados neste mesmo sentido. Cremos que só mediante a dotación dos recursos físicos e humanos necesarios se pode garantir a verdadeira utilidade e efectividade do labor xudicial.

Cecilia Sierra: Sinxelamente, creo que non habería sociedade ou civilización sen avogados. E hoxe, nun mundo tan globalizado e tan dinámico como o actual –que tantas relacións xurídicas propicia-, o avogado é máis necesario que nunca. E por outra parte, a vella esixencia de que o descoñecemento da lei non exime da súa observancia –formulada agora nunha sociedade sometida a tantas normas e a unha motorización lexislativa- fai necesaria a presenza dun avogado, sobre todo e como apuntaba antes, no exercicio dun papel preventivo.

Víctor Carou: É un pilar indispensable para o correcto funcionamento da sociedade baseada no Estado de dereito e un servizo público fundamental para salvagardar os dereitos dos cidadáns.

Rosa Álvarez Prada: Imprescindíbel. Porque, como antes dicía, son garantes de que a convivencia sexa acorde aos principios e normas que democraticamente creamos e asumimos. E tamén nalgúns casos é útil para abrir fiestras polas que introducir reformas e cambios que melloran a vida en comunidade.

-CRE QUE O LABOR DE DEFENSA E ASESORAMENTO DOS AVOGADOS/AS É RECOÑECIDO E MESMO COMPRENDIDO SUFICIENTEMENTE POLA SOCIEDADE?

Rubén Cela: Penso que o papel dos avogados e avogadas é encomiábel e non está suficientemente recoñecido, debido a que só é comprendido por un sector minoritario da cidadanía, en parte, a causa da complexidade administrativa que lle confire o propio ámbito xudicial, mais tamén conta coa responsabilidade social de defender e de asesorar a quen confía plenamente no seu labor profesional sen coñecer polo miúdo a tramitación nin a linguaxe especializada da avogacía.

Cecilia Sierra: Se me permite o *animus iocandi*, direi que non se recoñece o asesoramento dos avogados dende o momento no que aos profesionais cos que se mantén unha relación de amizade ou de familiaridade se lle formulan “consultas de cafetería... E non se fai sequera o ademán de aboar o seus servizos. Este comportamento é moi frecuente, seino, e pode parecer un asunto menor, pero non o é. A ningún de nós se nos ocorre pedir un café a un hostaleiro amigo e marchar

sen pagar. E, porén, todos pensamos que o parecer dos avogados nada nos custa e nada lle custa a quen o emite. Sucede que os servizos baseados no coñecemento non se aprecian da mesma maneira que os servizos máis tanxibles. Detrás de cada parecer dun profesional, hai horas de estudo. Certamente, deberíamos recoñecer máis a función social das avogadas e os avogados, especialmente a de aqueles que se implican na xustiza gratuíta, sobre todo nestes momentos.

Víctor Carou: Penso que si, que os galegos recoñecen a profesión da avogacía, a súa relevancia, aínda que moitas veces sexa identificada máis cos litixios ou asuntos polémicos que co labor do día a día.

Rosa Álvarez Prada: En xeral si, é unha profesión bastante ben valorada socialmente, aínda que como antes dicía se asocia ao “preito”.



Mª Rosa Álvarez Prada, decana do
Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

Fóra de Lei



1. UNHA DE LIBROS

- Cal foi o último libro que leu?

Un traidor como os nosos, de John Le Carré

- Que libro lle regalaría ao seu mellor amigo?

Riña de gatos, de Eduardo Mendoza

- E a ao seu peor

inimigo?

O lobo estepario, de Herman Hesse

- Se só puidese salvar un libro da fogueira, cal salvaría?

Don Quijote de La Mancha, de Cervantes

2. CINE

- En que película non puido evitar quedar durmida?

A rocha

- Cal é a película que non se cansa de ver?

O nome da rosa

Otilia Seijas. Escritora

3. HISTORIA

- Con que personaxe da Historia cearía?

Co cónsul romano Petronio

4. ARTE

- Que obra de arte, monumento ou lugar emblemático a deixou coa boca aberta?

A Alhambra de Granada

5. MÚSICA

- Cal é a música que consegue tranquilizala?

A de Mike Olfield, entre outras

6. VIAXES

- Cal é a viaxe que fixo que máis lle gustou?

Á Patagonia

- E a que aínda non puido facer, pero que seguro que non se perderá?

Escocia

- A que lugar dos que visitou non se lle ocorrerá volver?

Axudaría a Villa Miseria, na Arxentina, pero non volvería

Fóra de Lei



1. UNHA DE LIBROS

- Cal foi o último libro que leu?

O tempo entre costuras, de María Dueñas

- Que libro lle regalaría ao seu mellor amigo?

O perfume, de Patrick Süskind

- E a ao seu peor inimigo?

Ningún. Espero seguir sen considerar a ninguén como inimigo

- Se só puidese salvar un libro da fogueira, cal salvaría?

El Quijote, de Cervantes, e a Biblia

2. CINE

- En que película non puido evitar quedar durmido?

Atrapado no tempo

- Cal é a película que non se cansa de ver?

O padriño I e II

Miguel A. Vázquez Taín. Economista

3. HISTORIA

- Con que personaxe da Historia cearía?

De ser unha opción realmente factible... a miña avoa paterna. É a miña Historia! Teríamos tanto de que falar!

4. ARTE

- Que obra de arte, monumento ou lugar emblemático o deixou coa boca aberta?

O Macchu Picchu

5. MÚSICA

- Cal é a música que consegue tranquilizalo?

Opera (Nessun dorma; *Unha furtiva lágrima*)

6. VIAXES

- Cal das viaxes que fixo lle gustou máis?

Recentemente Suíza. Pola compañía!

- E a que aínda non puido facer, pero que seguro que non se perderá?

A Patagonia arxentina

- A que lugar dos que visitou non se lle ocorrerá volver?

Ningún. Sempre gozo viaxando, aínda que hai tanto que visitar...

De re varia. O Colexio nos medios

Ao longo do segundo semestre do ano 2011, o Colexio de Avogados de Santiago tivo visibilidade nos medios galegos e nacionais por temas moi diversos. Nos meses de verán, a garantía do segredo de confesión se o autor do furto do Códice Calixtino devolvía o documento nalgún bufete da cidade, foi recollida nas principais cadeas de radio e televisión de toda España, así como a visita do ex ministro de Xustiza, Francisco Caamaño. Tamén tiveron unha ampla repercusión mediática as novas sobre a postura do Colexio de Avogados en torno á nova Lei de acceso á avogacía, os galardóns de San Raimundo e a evolución da quenda de oficio en 2011.

ELMUNDO.es

Secreto profesional garantizado si un 'arrepentido' devuelve a un abogado el Códice Calixtino

El Confidencial

Abogados garantizan "secreto profesional" si un "arrepentido" devuelve el código

informativostelecinco.com

Caamaño presidirá este viernes la jura de nuevos letrados en el Colegio de Abogados de Santiago

ABC.es

Abogados advierten del aumento de casos de desahucios e impagos en Compostela

elEconomista.es

Decanos de colegios de abogados denuncian que jueces "vulneran derechos" al agotar el plazo máximo de detención

terra NOTICIAS

Francisco Caamaño y Proxecto Home recibirán los galardones de San Raimundo de Peñafort 2011

La Voz de Galicia.es

El Colegio de Abogados apoya las normas de acceso a la profesión

ELPROGRESO

Xunta e avogados apostan pola extensión da lingua galega no ámbito xurídico


EURECO GALICIA
TRADUTORES

tradución xurada · tradución técnica · revisión de textos · todos os idiomas

servizo profesional e dilixente

R/ Hedras, 2 – 1º E (Pol. Novo Milladoiro) 15895 Milladoiro +34 981 571 386 +34 619 003 152
info@eurecogalicia.com · www.eurecogalicia.com



autónomo ou McGyver?

se non es McGyver pero queres resolver de xeito sinxelo as situacións máis complicadas do teu traballo só necesitas unha ferramenta:
o teu móbilR con despreocupín

porque agora **móbilR ten despreocupín para autónomos**, para facilitarche a vida e aforrar diñeiro

**contrátalo agora
e desfrútao dende 39 €/mes**

infórmate gratis no 900 815 825 ou en empresas.mundo-R.com

combo despreocupín autónomos

- **móbilR**
- internet e correo móbil
- fixo con chamadas gratis a fixos e móbiles
- internet fibra óptica 15 megas con wi-fi
- atender as chamadas do fixo dende o móbil
- renovación do terminal móbil sen puntos

promoción **combo despreocupín autónomos** (negocio despreocupín): 39 €/mes (46,02 IVE incl) durante 12 facturas para novas altas de liñas de pospago con portabilidade; prezo do combo sen promoción: 59 €/mes (69,62 IVE incl); alto, 210 € (247,8 IVE incl) gratuíta para contrato de duración mínima 18 meses; máis información en empresas.mundo-R.com

despreocupín R

Un audi para
cada uno...
... escoge el tuyo*



Brea Móvil



Audi A1

desde 15.291€



Audi A3

desde 19.612€



Audi A4

desde 26.247€



Audi A5

desde 33.822€



Audi A6

desde 33.912€



Audi A7

desde 52.146€



Audi A8

desde 65.434€



Audi Q3

desde 27.810€



Audi Q5

desde 36.783€



Audi Q7

desde 47.156€



Audi TT

desde 30.456€



***oferta especial con descuento de autónomos**

*La imagen publicitada no se corresponde con el precio del modelo ofertado.



Brea Móvil

Ctra. N-550, km 59. Rúa do Cruceiro, 103. A Pulleira.
Santiago de Compostela. Tel. 981 56 97 00

www.grupobrea.com